

# BAIONA NAS ONDAS DO TEMPO



**m**

de: let: stu: em: r: o: s

## **IEM (INSTITUTO DE ESTUDOS MIÑORANOS)**

### **REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN:**

CEIP Mallón, 36379, San Pedro da Parallosa, Nigrán. Val Miñor. Galiza  
web: [minhor.org](http://minhor.org) · email: [direccion@minhor.org](mailto:direccion@minhor.org)  
Apartado 30, 36390-Gondomar

### **DIRECTOR:**

Carlos Méixore Quinteiro

### **CONSELLO DE PUBLICACIÓNS:**

Concha Costas, Bieito Legaspi, Alberto Valverde,  
Xosé Lois Vilar, Carlos Méixore e Antón Mascato

### **COORDINACIÓN DA EDICIÓ:**

Xosé Lois Vilar, Ánxeles Bouzó, Carlos Méixore e Antón Mascato

### **DOCUMENTACIÓN GRÁFICA:**

Ánxeles Bouzó

### **ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO:**

María Xosé González Charro e Xosé Bieito Legaspi Villamarín

### **FOTOGRAFÍAS:**

Ksado, José Gil, Hauser y Menet, Jaime Solá, Sarabia,  
Ruth Matilda Anderson, Pacheco, colección "El Universo", coleccións de Juan  
Carrasco, Aurelio Alar e Esperanza Fernández Vemet e outros particulares e  
descoñecidos .

### **DESEÑO E MAQUETACIÓN:**

Manoel Santos e Ramón Pais (Edicións do Cumio)

### **PREIMPRESIÓN:**

Obrairo Gráfico de Edicións do Cumio

**Depósito Legal:** VG. - 660-2004

**I.S.B.N.:** 84-8289-312-2

**© Edicións do Cumio, S.A.**

Autorízase a reprodución dos textos sempre que se cite  
a autoría e a fonte de procedencia.

O milleiro de fotografías antigas que compoñen o arquivo fotográfico do IEM a maioría son de Baiona, e temos que agradecer a substancial e desinteresada achega de Esperanza Fernández Vernet. O resultado da escolleita foi esta colección que agora presentamos con fotos de Pacheco, das coleccións de “El Universo”, Juan Carrasco e Aurelio Alar, de Ruth Matilda Anderson e outras de autoría descoñecida.

Observamos en todo momento criterios de calidade pero sobre todo de variedade para que ficasen reflectidos os distintos aspectos que definen a Baiona do primeiro tercio do século XX. Sabemos do pouco representadas que están as aldeas debido á falta de material gráfico que illustre a zona rural. É un traballo de pescuda que consideramos pendente.

Este libro é máis que un traballo visual de observación de fotos e lectura de textos. Este libro é unha chamada a tódolos sentidos. Cheira a peixe fresco na Ribeira e a maga do escochado, arrecende a mazás de Santa Baia na Praza da Fruita e a mel na festa de San Cosme. E cheira a pan dos fornos de Columba, As Adrianas, Valentina e Fasquías. Escóitase o murmurio da xente no mercado de Sabarís e os mariñeiros falando e cantando coa voz rouca da noite e da salitre no bar do Abellón a catar un tinto caíño. E non escoitades as gritas de ánimo, domingo de fútbol na Palma? E a banda de música do Vernet tocándolle a vintecatros mariñeiros que bailan, súan, baten as espadas na ponte e saúdan, reverentes, á Virxe da Anunciada.

Canta o eixo dos carros dos homes de Baredo, cargados do toxo combustible, cama e alimento da terra cara ós fornos de pan, o convento das monxas ou a telleira de Nigrán.

Rúas vellas, peirao, a Palma, Monterreal, a Virxe da Rocha, Santa Liberata, o Balneario, a Ex-Colexiata; pero sempre o mar; sempre o mar das praias de lecer, Barbeira e Cuncheira, e a praia do traballo, a Ribeira do estaleiro, bacías varadas, matadoiro e Praza do Peixe. Mulleres a escochar. Sempre o mar de mastro e vela na forqueta, remos descansando nos bancos, ou xiringlando; barcos de vapor, fogoneiro mete carbón e limpa a cinsa que arde o mar para que cada día un milleiro de homes con brazas e brazas de aparello e os seus brazos e brazos vaian á procura da sardiña, do bocarte, do chínfano, do xurelo. En terra nais e fillos á espera. Casas terreñas.

Desde o Instituto de Estudos Miñoranos un agradecemento a todos os que arrempuxáchedes por este carro para que fose posible a edición deste traballo colectivo. Xa non hai peixe no mar, pouco arde do Aveiro á Arousa, nin chabolas para encascar o aparello, nin sitio na Palma para tender, secar e que traballen as atadeiras; faltaron barcos e bacías, pero todos somos quen de amarrar ben a caña do temón desta Baiona que xa é outra; e temos a obriga de guiala veña de onde veña o vento e, se calma chicha, vogaremos todos que hai peito de home de oficio de mar.

Xosé Lois Vilar Pedreira  
Instituto de Estudos Miñoranos

Recuperar o pasado para coñecer o presente e deseñar o futuro, podería ser unha lenda que gravar nos frontispicios do fogar da humildade, da prudencia e do respecto debido ós antergos que nos observan, calidades todas elas unidas ó recoñecemento do inexorable paso, e peso, do tempo.

Recuperar as imaxes, máis ou menos afastadas, de Baiona, dos seus recunchos urbanos, dos seus espazos abertos, dos seus costumes e facelo acompañado de textos actuais, escritos por persoas que nalgún caso poden ser tamén protagonistas das fotos comentadas, responde a un saudable exercicio de botar o freo, poñer pé en terra, de coller perspectiva e valorar o camiño andado.

As ducias de imaxes e comentarios que este libro recolle son un tesouro da memoria colectiva explicada dende a experiencia e o recordo persoal, subxectivo, individual. Estas visións singulares, parciais, forman un conxunto heteroxéneo próximo á complexidade real das cousas, ós aromas orgánicos dos mercados e ós días de praia, ó distante rebumbio das festas populares ou ós vellos soles dourando as pedras nos seráns eternos de verán.

O Instituto de Estudos Miñoranos -IEM- tivo a magnífica idea de impulsar esta iniciativa; ademais exerceu a paciencia de encargarse dos textos e agardar por eles, con calma. Se a Baiona retratada cubría un século da súa longa vida, ben se podían conceder algunhas semanas máis para comentala.

O documento resultante ten un halo agarimoso de vello álbum familiar que garda, dentro de si, unha esencia antiga e propia. Unha certa melancolía achégase a nós co paso das páxinas. Será o pouso que deixa a humildade do noso breve paso pola vida; o exercicio da prudencia como boa conselleira ante os sobresaltos do mundo e o respectuoso recordo dos que, habitando nestas fotos, xa non están entre nós e fixeron que a Baiona de hoxe fora posible.

Desde a Concellería de Cultura de Baiona non temos máis que sentirnos honrados de apoiar este traballo editorial do Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) que combina o esforzo de recollida de fotografías, na súa maioría do primeiro tercio do século XX, co labor de coordinación do comentario, en prosa ou en verso, de cada unha das imaxes, feito por un grupo de persoas, que nacidas ou non en Baiona úneas algún tipo de vínculo con esta terra.

É preciso sinalar que diante nosa non temos só unha selección de fotografías antigas, senón tamén un estudio etnográfico da Baiona contemporánea na que se reflicte a sociedade tradicional agrícola e mariñeira a través dos carros cargados de toxo -“feixe molle, toxo pica, carro canga”- para os fornos de pan de Baiona ou para a telleira de Nigrán, ó través das ducias de barcos de vapor, lanchas xeiteiras e bacías que velean “mastro no pío de popa”, verga armada e “xamelga asegura que non espie”. Sociedade que se reunía e relacionaba na festa de San Cosme, na praza da Fruita, no mercado de Sabarís, no enterro, na visita real ou no divertimento apaixonado do fútbol: o Erizana.

Gracias outravolta ó IEM pola coordinación deste traballo colectivo que nos traslada a unha Baiona que foi e a outra Baiona que xa é labor dos historiadores das lembranzas e pola que nós estamos a traballar desde o noso equipo de goberno.

Ana María Rodríguez Fernández  
Concelleira de Cultura

- P rimo, mira o vapor ó fondo. Lembras no Primavera que levaba a máquina do Jacobito. Corría tío Pepita con el.

-Liña vella, paos xuntos, ponte aberta, popa voada. Corenta homes.

-Fogoneiro bota carbón, limpa cinsa, perde tempo, perde forza. O maquinista, Abal, morreunos a bordo.

-Carbón nos costados. Arde o mar. Corenta homes a halar aparellos. Outro lance, enche a caixa de popa, catres fóra, a de proa, a cuberta.

-Si, toda máquina cara a Vigo. Vende o peixe, descarga. Caixóns, ximbaleu, carga, dous homes, cen quilos. Carrexa, carrexa.

-Corenta homes botan aparellos en terra, cargan outros. Carro da chabola. Puxa carro, entérrase, tira dos radios. Tende redes, atadeiras, casca de piñeiro. Ata, encasca, seca. Tendais.

-Baiona, vinte barcos de corenta homes, milleiros de almas a vivir da ardora. Invernías de temporal e fame. Invernos de gamela e fanecas.





Froitos e froitas do campo e da cortiña; quincalla; ruda e romeu contra as lombrigas, mal de ollo ou aire de sapo; uns anteollos para a vista vaga, que todo se mercadea na Praza da Froita. Mercadores e visitantes dos arredores con chambra, mandil e calzas limpas, que á Vila cómpre ir axeitados. Nenos, mozos e vellos con pucha, pano ou sombreiro, que o sol na cabeza fai dano.

De fronte, dominando a praza, o pazo de 1768 de don Policarpo de Mendoza, Cabaleiro de Carlos III, Deán, Vigairo e Gobernador do Arcebispado de Santiago. Senlleira obra arquitectónica con arcadas de tres metros de corda, altivas solainas e abraiante labra heráldica.

Pero o tempo non pasa en balde e os farois de mecha e petróleo mudáronse por lámpadas Edison (foi en 1908), a froita pasou ás froiterías Vilar espalladas por toda a bisbarra, acurtáronse as saias e desapareceron puchas, monteiras, panos e sombreiros, que agora o Lorenzo é bo para o pelo. Tal vez amuado por esta perda, o pazo empoleirouse cun aberrante miradoiro e bufarda de copa alta que na actualidade “loce” desconsideradamente. ¡Mágoa!



“ O tempora, o mores”. Andainas da historia nas que todo perdura, tempos modernos onde todo muda. ¿U-las rúas baleiras, cando sequera existía o tranvía? ¿U-las solainas e galerías carentes de atrancos que impidan ve-la ría? ¿U-lo silencio que daquela permitía oír-las ondas noite e día? ¿U-lo cheirume a saín, maga e sardiña, a argazo e auga mariña que decote recendía? ¿U-lo lecer da xente da fotografía, do vagar e da algarabía, dos contos do avó ata que o neto durmía? ¿U-las campás da Colexiata repicando a mediodía e todos xuntos rezando: Angelus nuntiavit María? ¿U-los romeiros e maila romaría, as parolas na fonte ou cando a moa moía?

Velaí a rúa Urzáiz (Alférez Barreiro hoxe en día) chea de xente e de vida, agora na imaxe detida, a cen anos da actual “movida”. Pasou un século axiña, mudando o seu ar, traza e fasquía, escena e escenografía. Barreiras que tapan o mar. Bandas e conos na estrada, cantos se poidan contar. Miles de coches na rúa. Toldos e mesas copando as beirarrúas. Decibelios abafando o murmurio do mar. Reality show, que o avó non sabe contar. Tufo de contedores, que axota o recendo do sal. ¿E as longas parolas?, un S.M.S. no terminal.

Areلامos adianto e modernidade. Cobizamos prosperidade. ¡Abur, farol de petróleo!  
¡Benvida, electricidade! Mellor Alférez Barreiro, pero ¡carai, canto se foi con Angel Urzáiz!



**N**os tempos pasados, os nosos vivían dos fruítos que lles daba o seu traballo no campo, coma millo, millo miúdo, patacas, feixóns, trigo, senteo, ervillas, verduras e mais o que se criaba no curral: galiñas, pitos, ovelas, cabras e cabirtos.

Non había traballo na industria coma hoxe, e os cartos había que tiralos do intercambio dos nosos fruítos.

Daquela xa había mercado en Sabarís, o primeiro día da semana, como é aínda hoxe. Na vella ponte poñíanse as xentes a vender os seus produtos: quen centeo, quen orxo, quen ovos; outras millo e touciño, e con aqueles cartiños logo se mercaba bacallao, sucre, aseite, etc., e tapábase calquera buraco, que non faltaban. O porco era a base da comida. Os que non podían criar o porco, ían ao mercado na procura dun migallo de touciño para facer o caldo: Xa dicían os vellos que O CALDO ERA A RAÍIS DO CORPO.

A xente do monte (Burgueira, Torroña e Pinzás) tiña moitos rabaños de cabras e ovelas. Tamén viñan ao mercado coas súas burras cargadas de cabirtos e años para vender. Cos cartos que tiraban da venda mercaban os artigos de primeira necesidade, como aseite, sucre, etc.

No mercado, daquela, tamén se vendían moitas samancas, que era o calzado que máis usaban os agricultores no inverno. No verán usábanse as zapatillas. Tamén se vendían moitas corosas, que eran moi boas para a chuvia e para o frío. Como había poucos cartos, as cousas tamén custaban pouco.

Todos os anos se fasía un mercado en Baiona. No luns antes de Corpus (Corpus Christi é sempre nun xoves), a xente ía vender os años, ovelas e cabirtos a San Cosme, na rúa por debaixo da Igrexa e por fronte do Hospital.


Cando se fixo o actual mercado de Sabarís, alá polos anos corenta, eu era membro da banda de música de Baiona, tocaba a trompeta. Nesa época era alcalde o Sr Pereira. Na inauguración do mercado, estivemos a tocar oito días, presentes en todos os actos. ¡E non nos deron nin unha perra!.



A Ponte da Ramallosa é testemuña de moitas historias do Val Miñor. Alá polo ano 1236 D. Pedro González Telmo, máis coñecido por San Telmo, chega á cidade de Tui, onde residirá ata a súa morte acaecida catro anos despois. Conta a lenda que por iniciativa súa ergueuse a ponte románica da Ramallosa, construída sobre unha anterior de época romana. Nos seus arcos vemos algúns lixeiramente apuntados, síntoma de que estamos no final do románico na primeira metade do século XIII, etapa denominada como cisterciense, antecesora do gótico.

Esta ponte foi restaurada en tres ocasións, unha no ano 1598 mediante solicitude ao rei Felipe II. A seguinte aconteceu no século pasado, en 1926, gracias ao bo facer do señor Xulián Valverde Pérez que costeou as obras. A última restauración tivo lugar iniciado xa o século XXI, no ano 2003, promovida polo Concello de Nigrán que solicitou os fondos á Xunta de Galicia. Quere tamén a historia que o señor Valverde fora o promotor do tranvía eléctrico Vigo-Ramallosa, que vemos pasar pola ponte nova, imaxe que nos leva a tempos de esplendor desta terra miñorana.

Á beira da ponte románica atopámonos co vello pazo barroco de Cadaval, construído no século XVIII por don Pedro Cadaval San Román; pasou despois por moitas mans, pero quixo o destino que finalmente regresase aos Cadaval. Detrás destaca a elegante igrexa de Sabarís (1917-1920), edificada gracias á doazón de D. Xulián Valverde e a súa muller dona Victoria Rodríguez Cadaval. O proxecto foi realizado polo arquitecto vigués don Xosé Franco Montes, englobado dentro do movemento do Romanticismo. Este arquitecto decidiuuse por un estilo ecléctico de influencia francesa para a igrexa de Sabarís, onde mesturou o neorrománico co neogótico, neobarroco, neovisigótico, neoflamenco e ata incluíu algunhas trazas modernistas.





Aínda non sentía a calor de agosto entrando pola ventá e xa me despertou un son seco, estridente: as bombas cantaban unha e outra vez a fogo de pólvora que Baiona despertaba ruidosa no seu día forte e radiante: despertaba a Anunciada.

Eran días de gala, de xogos, días de música. O rexemento de Murcia nº 42 de Vigo facía a súa entrada triunfante a golpes de notas e os corazóns aledábanse ao son da música.

O peirao fervía de bulicio. Os vellos mariñeiros, dando voltas ás súas gorras descoloridas sobre os seus cranios pelados, emocionábanse. A xente corría entre as calellas para chegar a ese murallón escuro e duro que separaba a terra firme do campo de regata.

Alí estaban os protagonistas: as gamelas coas súas velas, unhas brancas e amidonadas e outras bastas e escuras tinguidas con casca de piñeiro. Alí estaban: A Milucha, coa súa rosa dos ventos a proa e as súas dezaoitto cuartas que a facían elegante. A Milagritos coas súas catorce cuartas, pequena e lixeira, capaz de pasar a todas.

Entre a alegría ao lonxe alí estaba ela, a soberbia, a que manda. Sen ela non hai regata, sen ela non se vira. Esa, que os vellos lobos de mar, os de Baiona, din que nace na Barbeira: A Brisa. E a bordo, os mariñeiros. Enfundados nos seus pantalóns de maón e as súas camisas brancas, esperaban a acción, os xogos sutís do vento, a rivalidade e a competición.

Eduardo, Piño, Tío Pepe, Rachote...; eles foron grandes temoneiros, grandes regateadores. Uns sucaban as augas suaves e calmas de Baiona, outros sucaban os grandes mares de altura. Hoxe todos navegan en distintos mares pero da mesma cor. Azul.



**D**a estampa que teño diante recoñezo a badía de Baiona, coa vila ó fondo, perdéndose de esguello contra a Palma, no mesmo punto dun mar que non se ve, vértice, en que nacen os primeiros outeiros que se estenden polos montes dunha das serras máis fermosas e de potente entraña esgrevia que hai en Galicia, a da Groba.

A calma desta badía cercada do alto mar está poboada por embarcacións varadas, todas coa proa pró Monte do Boi. Travesía.

E entón tódolos ollos do mundo pairan no primeiro plano, detéñense cruzados pola gadoupa dun remo, un afiado gume. E é que remar é moitas cousas. O barqueiro e remador de Meendiño podía salva-la amiga vogando, ciando ou singrando. Pois velaquí o remo co furo do tolete, nun rebaixe da popa, manexado co brazo instruído na arte de singlar, como din os mariñeiros da miña Terra de Iria, ou de xiringlar, como se di nestas miñoranas. E é que se xiringla aquí e na Bretaña, en Vigo e en Brest.

Afundo os ollos nese remo e véñenme ondas ó corazón, esas que sacoden a cachaza da badía e vibran nas entrañas do mar maior que levamos dentro.

Entre os prodixios que se di que tiña a Cámara de Héitor nas páxinas da Crónica Troiana está este: “mostrava naves como ían singrando”. Beizón a esta cámara escura do tempo que nos puxo a flote, na mesmiña corda frouxa da trabe que sustenta o mundo, a nao singradouira en desafío de tódalas travesías.



Dende decembro do oitenta e seis exerzo a miña profesión de médico en Baiona. A cotío percorro a rúa de Elduayen, case sempre na compañía do meu bo amigo Manolo Losada. Na actualidade ten un paseo marítimo con fermosas vistas, sempre moi transitado.

Dende Elduayen contéplase a Pinta, todo un símbolo da Real Vila.

Nesta rúa xuntábame un día si e outro tamén co meu gran e inesquecible amigo Nano Cambeiro para falar do divino e do humano. Nun tempo pasado, non existía o actual paseo marítimo, era percorrida polo tranvía e os rapaces baixaban ata o mar cando llelo permitía a marea.

A cámara detivo e inmortalizou as circunstancias e a xente dese tempo, facendo historia dun xeito gráfico. Algún día tamén nós seremos historia.



As armas e os barões assinalados  
Que, da fermosa praia lusitana,  
Por mares nunca dantes navegados  
Passaran ainda além da Tropacabana,  
Em perigos e guerras esforçados  
Luís de Camões, Os lusíadas

And then went down to the ship,  
Set keel to breakers, forth on the godly sea, and  
Ezra Pound, Canto I

Baiona de borrachos e borrachas,  
de tasqueiros  
de bufos e bofias  
de ghebos que fan forniños.

Baiona cheira a argazo e a cubalibre de larios  
amasa forte na area até facer pan salgado  
pra despois se adentrar na noite do mallazo e da pandullada galaica  
berra e escoita os fillos que xogan ós bolos e mirlan con toletes de ferro  
amosa o cu e despois, sumisa, amamanta con viño doce.

Baiona é un fluxo menstrual que abafa  
quenta por dentro coma microondas de amor  
pra se desfacer coma o queique de masa levedada  
volve, oh musa, pra desfilar en cadeira de rodas  
sobre a cuncha ardente.





odería ser un día calquera do estío. Quizais un deses luns de mercadoño que, en Sabaris, aínda hoxe nos permite comezar a semana dun xeito diferente, con outro ritmo, deixando o traballo para ir ao mercado, mergullándose nel na procura de algo interesante, falando con amigos e coñecidos, sentando a ver pasar as xentes, facendo negocios... Esta actividade acontece enriba da ponte, cumpríndose un dos seculares obxectivos desta construción: comunicar ribeiras que nunca se tocan, completar vías de tránsito e espazos que favorecen os trocos e o comercio.

Ao mesmo tempo, baixo da ponte estase a desenvolver unha escena do que era a vida doméstica e cotiá: un grupo de mulleres lavando a roupa no río. Mulleres soas ou con nenos pequenos, inseparables, traballando, alleas ao que ocorre ao redor. Ámbito puramente doméstico e feminino, no que o home só é espectador a distancia, perfectamente envolvido e delimitado na imaxe polo arco da ponte. Relación das mulleres coas augas mansas onde se lavan os trapos sucios, espazo de confidencialidade, consultas e chismes. Imaxe-metáfora do reparto de roles nunha sociedade que foi a das nosas avoas e nais.



e estas pedras falaran...

**S** Por aquí pasaban todos os días, á mañanciña cedo, os mariñeiros, levando as redes e demais aparellos de pesca. Esperaban regresar, traendo peixe suficiente para conseguir o necesario sustento diario da familia, que naqueles tempos, eran moitos fillos que alimentar.

As mulleres eran as que saían cargadas coas patelas, levando aquel tesouro viviño, que case sempre trocaban por fariña, touciño, ovos e outros produtos do campo nas aldeas do arredor, que lles servía para arranxar as necesidades da familia.

Esta rúa pódese dicir que sempre foi e segue sendo camiño obrigado para todo o mundo, pois case toda a xente pasa por aquí para chegar á maior parte dos sitios.

Na esquina desta rúa, coa do Reloxo Vello, estivo unha das tres únicas tabernas que había en todo o pobo, desde antes de 1900. Era taberna e tenda. Na taberna vendían os bos viños do Rosal e daban de comer aos obreiros; e na tenda, vendían dende unha cadela de pementón ata os cordóns das zamancas; ou sexa, un pouco de todo. A tenda-taberna era O Mosquito, do que foi dono o señor Manoel "O Peixe". Este establecemento, hoxe, está case que en fronte do antigo, pero só traballa como Bar-Restaurante, con pensión.

Preto desta taberna estivo a primeira casa de fotografía desta Real Vila.



A vista panorámica desta belísima vila incita a soñar e ao recordo. Coñecín Baiona no ano 1970 e aquí quedei. Xa cambiara un pouco, pero non tanto. Non lembro o balneario funcionando, senón as súas minas e o taller de bicicletas de Fernando.

É o meu percorrido obrigado tódolos días, ver o mar desde o paseo de Pinzón. É algo que che eleva a moral e esqueces tantas cousas desagradables que ves, oes ou que sentes.

A praia da Cuncheira é a miña amiga, fíxome un gran favor curándome unha gran infección que tiña nun pé ao cravar unha punta oxidada na planta. Só foi necesario unha tarde e que o mar da Cuncheira me bañara o pé.



on moitos os recordos que gardo de Baiona...  
S Coñecina no ano 1948... cando acompañaba ao meu pai, patrón de pesca, para observar o barco “O Espada”... Lembro aqueles paseos con claridade, aínda que naquel entón só tiña cinco anos.

Tamén recordo o que me contaba a miña nai sobre o meu avó materno, Rafael del Toro. Meu avó era inspector do tranvía Vigo-Baiona, e foron moitas as anécdotas que chegaron aos meus oídos.

Pasou o tempo, e alá polo ano 1970 comecei a dar clases de Danza Tradicional nos baixos do Concello a uns 70 nenos e nenas de idades comprendidas entre os 4 e os 12 anos. Foron 17 anos os que estiven traballando con moito esforzo, ilusión e dedicación; durante moitos anos fíxeno desinteresadamente. Recoñezo que me sinto contento e orgulloso polo traballo feito.

Recordo con especial emoción a homenaxe que me fixeron en Baiona no ano 1976, como recoñecemento do meu traballo polo folclore e cultura popular.





Interior,  
cospe a pedra  
a Virxe da Rocha.

Interior  
língua pretenciosa.

Interior,  
as Grobas, Monteferro  
Punta do Boi.

Interior  
máis alá!  
o Alba, o Galiñeiro.

Interior  
Parador, nin mentalo.

Interior  
todo a fuxir.

Lambetadas de mar  
amores de ondas  
á rasa,  
ciúmes  
o mar recolle  
nun todo  
o que a terra  
quer querer  
só máis  
un bico  
só máis  
unha onda  
brava, inmensa  
estirpe  
loita mar terra  
e vento doído  
polaimo.



Esta fotografía foi feita posiblemente a finais do século dezanove, ou principios do vinte; mostra varias mulleres no Rompeondas, vestidas a xeito daqueles anos, e protexéndose con brancas antucas, do sol e da brisa mareira. Un mar picado bate contra as rochas e espalla a auga e a espuma pola beira. Ao fondo o castelo semella un barco navegando cara ás Illas Cíes e deixando sobre das augas grises pedras, verdes piñeiros e branco escumallo.

O motivo que mostra a instantánea podería servir ben para un cadro do xenial pintor valenciano Sorolla, que estivo neste lugar pintando a beleza impresionante do noso rompeondas.

A finais do século dezanove, Baiona principiaba xa a ser un punto importante de veraneo. A colonia non moi abundante, procedía case que toda de Madrid e compúñase principalmente de cregos, militares, políticos, comerciantes, algún que outro aristócrata e burgueses atraídos pola femosura natural da nosa terra, pola benignidade do clima, polas praias e augas ricas en algas e iodo e pola sonda do balneario recentemente construído, onde se trataban infinidade de doenzas.

Os pasatempos consistían en paseos mariños pola badía, ou ben excursións en elegantes “landeaus” ou en pesados e pouco arquitectónicos “ripert” aos pobos dos arredores. Os xoves e domingos había pasarrúas da banda de música que dirixía Urbano Vernet, músico e compositor famoso naquel tempo. Hoxe desgraciadamente esquecido.

Cando devalaba o sol detíñanse os paseos para contemplar dende as rochas do Rompeondas os escintilantes e dourados solpores que tinxían de lume vermello e ouro a terra, o mar e as súas facianas absortas no eterno milagre co que nos agasalla a natureza cada día.

No tempo que foi feita a fotografía a corporación municipal soñaba con facer de Baiona un San Sebastián galego. As corporacións que pasaron ata hoxe poden estar orgullosas da xestión realizada en urbanismo, pois convertérona, desgraciadamente, nunha especulativa e aberrante desfeita ... cando Baiona era .... o verxel máis fermoso do mundo.



A ti Carne, a filla de sra. Luz "A Rola", que no ceo sei que estás.

**S**i, Pasiña, si, si miña filla, botáronnos da casa de San Xoán porque non podíamos pagar. Durmíamos nun xergón de fento e o chan era de terra; traíamos area da Ribeira ata que se puña moi negra. Cando nos botaron, todo o que tiñamos colleulle a mamá nunha patela, todo. Non tiñamos nada. Cinco fillas todas pequenas e mais mamá de porta afora. Fomos vivir ás Laxes, ao Burgo.

Mi madre a traballar coma unha negriña toda a noite na Ribeira a acarrexar peixe coa saia arremangada e despois a escochar e preparar para levaren a vender a Vigo. Co peixe que lle daban a miña nai ía polas aldeas coa miña imá máis vella, Cusca, a Baredo, a Sabarís, a Belesar a cambialo por un pouco de tousiño, por unhas patacas para podéremos comer. ¡Ai, que vidiña aquela...!

¿Sabes o que lle contestaban cando lle ofrecían en alto?:

—¡Raia!

—¡Por Dios veña polo demo vaia!

Eu teño que agredeserlle muito á Virxe do Carme, a da Sela, a San Cosmiño e San Damián, e a Santa Liberata, que muito lle teño resado, hoxe vivimos ben, traballamos meu home e mais eu en Londres, pero ao lado da casa terrefña da que nos botaron, que aínda existe, temos unha casa de dous pisos.

Mira Pas, non te acordas daquel cantar:

Hoy se siente desghrasiada nuestra ría,  
 porque a la entrada encalló el Aslaug.  
 hase meses Islanpride, hase años Escorlán.  
 imposible es olvidar la traghedia de la mar,  
 de aquellos infelises en noche de Navidá.



A estampa semella ser a dunha festa, quizais a principios do século XX. O torreiro é o principal por moitos anos: Porta do Sol (hoxe, praza de Victoria Cadaval), onde naceu o mercado dos luns feireados ou, despois, foi espallándose e aínda máis. Atopámonos con casas de pedra de avoengo (algunhas das cales foron renovadas na actualidade) e outras das que, agora, participa o cemento. Sen embargo, consérvase ben, coidada, a case que petrucial da beira do río Groba, coa súa fermosa galería.

Por mor dos cambios o de que xogamos á confusión, da Porta do Sol arrinca a rúa Ponte, que, para a xente, segue a ser Canellón do Escándalo mesmamente para o carteiro, que non ten que buscar dúas veces. É de admirar un coche que parece de viaxeiros e unha bicicleta coma máquinas modernísimas... para a época. Aínda que haxa prevención de paraugas, non hai roupas dabondo senón máis lixeiras e, no tocado, a "pajilla" do indiano, que moito viaxou: a Uruguai, o paisano de Belesar; moitos do Val, a Bos Aires. (No comezo da rúa Ponte, cambiou a imaxe: o edificio de baixo e dous pisos remata na pedra do balcón do segundo andar).





S

empre me fascinou esta fotografía, e cando dende o IEM decidiron que fose eu quen a comentara, semella que me leron o pensamento.

Quero con estas letras render unha homenaxe a todas as mulleres de Baiona e especialmente ás da miña familia, que ao igual que as da foto, contribuíron co seu traballo á prosperidade da vila.

As mulleres retratadas traballaban para un hotel da vila situado na Rúa Elduayen, esquina con Carabela Pinta, levando a auga imprescindíbel para a vida cotiá do hotel durante case todo o día, cos baldes na cabeza e os pés descalzos.

A nosa vila, dende sempre, foi lugar de veraneo, dese que hoxe se da en chamar turismo de calidade. Viñan familias da nobreza, a realeza, ministros, militares, é dicir as clases altas do poder. Moitas mesmo tiñan aquí casa. Así mesmo, anque en época posterior e ata ben pouco, viñan as chamadas "poubanas", xente do interior, nomeadamente mulleres e nenos, a tomar os baños na Cuncheira e no antigo Balneario.

Para atender as casas de veraneo e aos veraneantes creábanse todos os anos moitos postos de traballo. Na súa maioría desempeñados por mulleres que levaban auga ás casas e aos hoteis dende as primeiras horas do día ata a noite, lavadeiras, costureiras, mandadeiras, amas de cría..., etc. Labor que compatibilizaban co coidado das súas familias e axudando no traballo dos seus homes.



Ia coa miña avoa vender a semente da herba. Namentres ela ía baleirando o saco quilo a quilo, eu dedicábame a axexar no medio dos postos. Ao remate da xornada, tornabamos para casa, despois de comprar os repolos e as cebolas para transplantar namentres eu dáballe unhas lambedelas a un caramelo de cesto no caso de que me tivese portado ben.

Naqueles tempos aínda non existía o “Chupachups” e o tal caramelo de cesto consistía nun pouco de azucre queimado posto nun molde de madalenas, con dúas améndoas de anís que semellaban dúas flores e no centro, un ariño de arame para poder collelo.

Eu non sei se o azucre de hoxe é menos doce có de antes, pero os caramelos que temos, a pesar de tanta variedade, nunca me saben tan ben como aqueles caramelos de cesto de hai máis de corenta anos.

Daquela, no mercado de Sabarís comprábase e vendíase de todo. Non había tantos comercios como hai hoxe e a xente compraba as olas para facer a comida, as tixolas, a trepia, as ferramentas para traballar no campo, o pano para facer as sabas e todo tipo de sementes. Tamén levaba para arranxar a máquina de coser, os reloxos e calquera cousa que se estragase na casa para ver se había algunha maneira de compoñela.

Vendíanse as ovelas e comprábase o rancho para criar, vendíanse os coellos e comprábanse as pitas para facer o curral. Mesmo se informaba un dos feitos acontecidos había algún tempo pola xeografía española, cal se fora o antigo Caso ou, xa nos nosos tempos, programas populares da televisión, que contan a vida e desgracias, mortes e asasinatos das xentes que viven “na pel de boi”. Como a “caixa boba” non existía, os xornais eran escasos e non todos tiñan aparello de radio, estes aconteceres eran contados en forma de verso polo charlatán de turno, seguindo a tradición dos cegos e dos xoglares e mesmo por algúns céntimos podías levar para a casa a historia escrita de La joven doncella violada y muerta por su padre ou outras semellantes. Polo faiado da miña casa aínda debe de quedar algunha destas historias.

Dende logo, o mercado xa non é o que era.



**D**o Cais e de Debaixo do Pozo, desde o mar arrinca un continuum granítico, unha inmensa laxe sobre a que camiña a Estrada Vella que vén de saltar o río do Burgo, o pequeno de Sabarís, o grande que baixa da Boca da Groba e o noso río Miñor coa ponte dos dez ollos e o seu bautismo prenatal. De tempos de Roma en Callaecia ou medievais o camiño onde os piratas capitaneados por Drake agardaron entrar en Baiona. ¡Non houbo peito! Apagáronselle as fogueiras nocturnas e tamén os ánimos, levaron as trasnadas e o lume a Vigo e á Coruña pero aquí non.

Pero a Porta da Vila e o seu cruceiro da Santísima Trindade ergueitos nun belvís privilexiado sobre océano e baía foron fogar e patria dos fuxidos do 36: Rabachol, Chiribí, Perón, Labios, Vivillo, O Pito agachados no Formigueiro do Bosque, Casa dos Músicos, As Chourizas, Chaboleiras, Culebrona,... e... e do Pelonio, si o home de Clementina A Chubasca que escabichaba sardiñas na Ribeira mentres pasou a camioneta cara Baredo e pum, pum, pum... costas atadas con costas el e oito máis baixaron, deitaron o corpo na VOLTA DOS NOVE. No mar escoitaban os Barras e Gaspar e... A súa casa tédela aí á esquerda entre a de señora Palmira A Chaboleira e a dos Labios, ó lado da de Genaro.



## CHUS BUCIÑOS

Pedra,  
pedra contra o mar  
ou mar contra a pedra.

Pedra,  
pedra vella do muro antigo,  
soporte das ondadas,  
por mor do progreso e das  
modas  
hoxe en día substituído.

Madeira,  
madeira das galerías  
que colgan das casas antigas  
da real Baiona.

Galerías,  
galerías da rúa Elduayen  
gastadas e de sabor rancio  
antes,  
algunhas delas de aluminio  
agora.

Pedra,  
madeira,  
pedra e madeira  
madeira e pedra  
xuntas van formando un todo,  
materiais nobres  
de tempos...





iQ

uen puidera escoitala!

Para

min, vigués a tempo parcial por Baiona, os xigantes e cabezóns erizanos sonche mudos e inauditos monicreques. Algún día -disimula, cho- pode que pescude neles. Agora safo o cariñoso encargo do IEM tirando do pouco que albisco oír daquela afastada mañá estival ás portas da que disque era Casa do Concello de Baiona.

Hai uns oitenta anos, cando se tirou a orixinal placa fotográfica, xa había máis de cento cincuenta que as parellas protagonistas deste beireante desfile atoparan asilo nas festas da Anunciada, do Carme, de Santa Liberata, condenadas como foron, tamén á Danza das Espadas, a non saír máis polas do Corpus Christi. Mal pago para quen foi símbolo de cómo todos, os máis fortes e os máis febles, rendía pública homenaxe ante Cristo.

Como no retrato, no tempo daquel pasarrúas mandarán os músicos. Con digna vestimenta de chaqueta, camisa branca e pucha, por suposto negra, de clase, sen garabata nin monteira. Seguros, profundos e matizados golpes, noutrora capaces de espantar treboadas, marcarán o compás e o tempo. Xogará o ácrata tamborileiro cos matices dos toques e redobres propios da marcha, do pasarrúas, dos pasacorredoiras, pasodobres, do Himno e, cando así o escolla o colega da gaita grileira, meténdolle o ritmo da rumba, ese que tanto gusta entre o bando da xente e da rapazada ó abrir a festa.

Alegría de eco fotográfico.



**H**ai sempre un rumor permanente de brisa suave na, hoxe, praza de Santa Liberata. Un aire que move as follas do arboredo de certo porte que a tradición mantén arredor do adro lousado da capela.

Chega, con el, un arrecendo de agros, de colleitas e de incenso neste espacio quedo, abrigado do norte. Aquí xúntanse a Baiona mariñeira, bulideira, e o tempo morno dos campos antigos das Fontiñas e o Aral, a severidade do monte agreste tan próximo presaxiando a invernia. Punto de encontro das xentes alegres, derrochadoras das ribeiras e as outras, calculadoras, un punto rebaixada a desconfianza pola pinga de viño e o rebumbio da festa.

Dous mundos que se atopan en Santa Liberata, ante a arquitectura perfecta na súa sinxeleza rústica, repetida tantas veces en centos ou miles de capelas espalladas polo país e, aquí, en aberto contraste coa cercana severidade de fortaleza da antiga colexiata. Dende sempre a romaría campesiña que alí ten cita na honra dos santos Cosme e Damián, despois da vendima, recollidos o mel e as nozes, foi motivo para pintores e obxecto de atención para os curiosos das cousas do país.

Nos gravados do XIX, nas primeiras fotografías e coleccións de postais, nos óleos actuais de Caíno -tan debedores de Colmeiro e Souto-, a capela de Santa Liberata coas súas portas magnificamente traballadas e por desgracia pintadas, foi o escenario dun mundo rural que desaparece, pouco a pouco, pero que para sempre deixará, na praza, no aire, aquel aroma antigo, campesiño e festeiro.



ai polo Xocas e polo seu tocaio, meu bisavó, Xaquín O Sancristán.

V ¡Non, non, non!, eu fico con el.

Non quero os cabalos de potencia, nin as rodas macizas de goma. Non quero faros, nin tubos de escape, nin volante, nin guiador ou ¿quen ten présa de chegar?

Os meus cabalos de vapor, Estrela e Pinta. A camba, os mións e as lamias, as miñas rodas. A lúa, o sol e as estrelas da noite, meus guieiros. Por tubo de escape as bosteiras, por volante a vara de tanguer, por guiador a xugada. Présa a que marcan as voltas do eixo entre chumaceira e poladuras.

Estranxeira a enxeñería, a mecánica, a fábrica, carga de pasaxeiros, de xente viaxeira, camiñantes de sitios anónimos.

Permisos de conducir, normas de tráfico.

As miñas pezas o buxo, o castiñeiro, o amieiro no habelencioso goberno de Francisco O Campañol. A miña carga o toxo das monxas dominicas ou da deboleira do devidas dos cabaqueiros lasqueantes da galleira. Os meus camiños soben e baixan da Pernal, das Tres Regueiras, da Nueira, do Outeiro da Besta... e trepan Balea, Volta Salgueiras mentres estoupa o mar na Bombardeira, Rapacarallos, Os Tres Pasos, no Baixo do "Judás", na Cuncheira... o seu balneario tamén levaba a nosa carga.

Por normas e licencias, o costume e o respecto, consuetudo milenario que rexe a Nosa Aldea.

Cada vez que vexo un carro non me saídes do penso, Xocas e Xaquín, un debuxando, dialogando, definindo, o outro diante do carro cargado. Atrás Nita e Flora a tirar da corda para frealo.



ra mediodía, saíamos da “escola das monxas”. A meirande parte das mulleres da miña xeración pasamos por esta escola.

**E** Corrían os anos 67 ou 68 e, baixo os influxos liberadores desta época, as mulleres xa escomenzaban a levar pantalóns. Á vila, como é normal, tardaban en chegar as modas, pero timidamente despuntaban indicios destes cambios. Na escola, as nenas xa podíamos levar por fin os tan “modernos” pantalóns, pero era obrigado levar saia por enriba.

Á hora de ir xantar, o arrecendo da comida que preparaba Catalina e a irmá Jolinda mesturábase co da humidade que zumegaban as paredes de pedra. Creaban un “todo”, penetrante e característico, que entraría a formar parte do mundo das sensacións e percepcións da nenez que te acompañan toda a vida.

Ao chegar á esquina, a casa onde vivía Carlos Santodomingo coa súa nai. Hoxe non está sentada na porta como era habitual. Tampouco se escoita o piano, que en ocasións, sobre todo os domingos, el tocaba.

No mes de xuño, o “Corpus Christi”, as flores, a esfolla e as alfombras de cor sobre o chan. Chegaremos ao verán, coas vacacións, a praia, e..., volta á escola, a das monxas ou a academia de don Rafael...





armaña é a miña muller pero tamén a lancha do racú na que eu andaba, propiedade de Pablo O Canero. Levaba motor de gasolina que se nos mollou con sur nas Negras. Botamos o rizón, collemos o mastro da forqueta, fincámolo na carlinga, no pío de popa, armamos verga, xamelga asegura que non espíe, atamos braza, driza e flamexou branca escura. Os soldados de Silleiro alarmados a mirar para nós, xa avisaran a Baiona que había lancha en perigo.

A escota nunca por debaixo da caña porque pode vir unha fogada de vento e levantar o temón.

A escota ten que vir polo gardacabos e dar dúas voltas pola caña ata a man que a leva.

Pouco vento, todo o pano en candela. A facer bolina con barlovento. Volta a Baiona, vela en cruz para a empopada. Un bucho de vela para librar do Lobo.

Calma chicha, remos ós toletes a traballar olleira e patiña e peito de home que agardan muller e fillos na punta do peirao, na area da Ribeira, na casa da Laxe, da Porta da Vila, de San Xoán,...

Da outra banda talaviran as gamelas panxoneiras, bandullos e talaviran remos micos mal armados.



on son sardiñas, que son xurelos.

**N**on son homes, que son mariñeiros. Non andan, que ondulante o seu paso semella o vaivén das mareas. De babor a estribor. Metade humanos, metade peixes. Neptunos do cerco, Poseidóns da ardora, deuses adestrados en seguirlle o rastro á fosforescencia do mar, á ardentía das augas.

Non é o Chasquiño, que é o Fumanchú. Non cheira a salitre, que fede a gasóleo. Xa non arrecende o meu mariñeiro, xa non me vén lavadiño do mar.

Xa non son catro, que son vintenove. Xa non son de aquí, senón tamén de alí. Son demasiados e non teñen lei. Xa non é para comer, senón para encher.

Xa rexe patrón, xa teñen motor, xa levan estais que aguantan os paus. Xa hai un peixe que trae outros peixes. Xa non é de escamas, nin prateada a súa cor, non é daquel banco que guía as embarcacións, senón que é de chumbo e nitroglicerina, nas súas garmelas leva unha mecha e por rabo ten un pistón. O patrón sabe que detrás dese peixe veñen máis peixes, milleiros de peixes. ¡Veña, que hoxe hai boa venda!. Xa non é para pescar, senón para arrasar. O aparello ben cercado, tiro de proa, tiro de popa, as gharetas ben apretadas, de aí non hai quen saia vivo.

Xa non é un truel, que son salabardos. Salabardean os homes, arrepañando da enxaghua pra cuberta. Estribor escorado. O barco a botar por fóra. Mariñeiros do Fumanchú ollando para o peirao, sabéndose hoxe os mellores da ardora, os reis do cerco, cómplices mudos dun mar con sabor a sal e a nitroglicerina.




terna vista de Baiona, imperturbable ao longo dos séculos.

**E** Dende aquí pódoches contar uns fermosos contos; contos de barcos grandes e pequenos. Daqueles que fan a historia do traballo cada día traendo o que tanto esforzo custa sacarlle ao mar. Ou daqueles barcos que só estiveron un intre nas nosas augas e deixaron unha lembranza de terras lonxanas, piratas e tesouros.

A fortaleza dando a benvinda e acubillando a todos eles.

Se queres un lugar que marque unha fronteira é este. Ao norte comezan as rías, comeza o mundo das bruxas e a maxia. Se houbese un límite entre o mundo real e o mundo da fantasía tes os pés sobre el.



¿C al é a vosa conversa ao abeiro do calmo serán? ¿De que falades a cotío nesa constante simbiose de existencias entrelazadas? Baiona é o mar, a mar, os homes, as mulleres, os barcos, as pedras, a terra... Baiona presumindo do seu feitío, sabéndose fermosa, orgullosa desta beleza que se reflicte no espello das augas. Augas que se serean a mantenta para facilitar o mutuo entendemento. Baiona, que ten a súa única razón de ser nesta baía, que a xestou, que a pariu. Amamanta, cría e arrola ao vaivén das mareas que soben e baixan no infinito latexo do corazón mariño.

O mar, masculino fecundador, que leva, transporta, devolve (case sempre) homes e empresas. Deus terrible, ás veces, que devora ciumento aos fillos que lle encomendou a terra.

A mar, nai, fecundada e fecunda, que entrega os seus froitos nunha dadivosa ofrenda cotiá, sen ter en conta as terribles afrontas que sofre en nome dunha mal entendida e utilizada civilización. Aí estades, na estampa xa vella e sempre insinuante que transporta a remansos de sosego ás persoas que vos contemplan.

Ao fondo, os suaves contornos da lomba que enmarca e protexe das inclemencias; o vixiante horizonte dende onde se divisaron con antelación os grandes acontecementos. ¿Que porto elixiu a primeira carabela para regresar da maior aventura xamais vivida?. ¿Será consciente o espido outeiro do futuro urbanístico que lle teñen preparado?. Oxalá estas imaxes antigas puidesen conservar a súa vixencia a traveso dos tempos.





## FILOMENA “A ARAGONA”

**S**e me dérandes esta foto hai des anos, fasiavos unha poesía mui bonita, tíñalle unha a Santa Liberata, outra ós forasteiros que quedaban abraiados con Baiona e muitas máis que agora non me acordan. Xa non me rexe ben a cabeza. Había unha cantiga, que fixera eu, que disía así:

Adiós Baiona del alma,  
tierra donde yo nasí,  
hasta dentro de dos años  
no puedo volver a ti.

Voy cumplir mi campaña  
allá por tierras extrañas  
pero te juro mamita  
que al pasar dos años  
serás de nuevo nuestro hogar.

Adiós padres y hermanos,  
tener de mi compasión...

–Mamá menos mal que non ten memoria, se chega a ter...

–Muito me acordo cando fora ó fondo un barco. Chegaran os fardos de bacallau e máis as piñas de plátanos á Cuncheira. Muita famiña matou en Baiona daquela.

Pero mira, cando tiña catorce anos fun traballar para Arxentina na taberna da miña tía. Botei alí dous ou tres anos e volví en avión. Conosín ó José e con desaoito anos casamos. Pois o barco no que fun a América, o Islanpride naufragou na Negra, nas Estelas, o 8 de setembro de 1929 e foi ó fondo o día 10. Ía cargado de conservas e 63 pasaxeiros. Foi unha viaxe despois de que me levara a min a Bos Aires.

¡Non a tiña alí! Vou para 89.



Mírote, e pecho os ollos, e poño o meu maxín a traballar, e encomezo o tecer dun fermoso e antigo lenzo mental, pendurado desa galega figura de muller que detén o seu camiñar na casa dos “Andaluces” para comentar, tal vez, con algún descendente de don Ulpiano Nogueira; pendurado do burro, que troca en descanso a parola do amo, nunha rúa deserta de progreso e desenvolvemento; pendurado do Parque da Palma, no fin da foto, onde dirixen o seu camiñar mulleriñas a reparar as mariñeiras, exhaustas e estarricadas redes ó sol, ou tal vez señoritas a tomaren os baños salgados no Balneario da Cuncheira, ó contacto coa alga milagreira; pendurado da sombriza arboreda nunha radiante hora mañanceira, alá polas once dun verán, cando, só entón, se conseguen os máis reais e fermosos retratos; pendurado das galerías, a xeito de facetas dun grande abesouro, fitando un recendente mar que se adiviña; pendurado dese desfile pétreo de bancos que a violencia dun fero mar deitaba no chan nas invernías, denantes do abeiro da Doca encomezada a construír, coa pedra que don Angel Bedriñana autorizara a sacar ó pé do seu castelo, alá polo 41; pendurado dese branco e harmónico desfile de casas que definía a personalidade dunha Real Vila ó “tocaren” a súa estética melodía; pendurado desa “High Street” baionesa, dende 1868 de Elduayen, espreguizándose co seu ritmo vagaroso, decimonónica, queda; cinguida por ondas dun mensaxeiro mar galego azul ultramar-verde esmeralda; pendurado, en fin, de...



inais do século XIX. Sabarís, barrio da parroquia de Santa Cristina da Ramallosa, parroquia que algún día foi concello e tamén entidade local menor.

Luns, día de mercado. Barullo, cubrir necesidades, trocos, ilusións... Vida. Homes e mulleres e algún neno no que máis adiante será a praza de Victoria Cadaval.

E no fondo o monte, coma unha rexa sentinela. O monte do Castro e o monte da Costa de Quenlle. Monte veciñal da parroquia. Case sen arborado. Os piñeiros e os eucaliptos serían plantados máis tarde pola "Forestal". Toxo para a cama do gando e pasto para mantelo, eran os usos.

Sabarís, casas señoriais con galerías e balcóns. A "vila" da parroquia, porque non toda a parroquia era vila. Señoritas con paraugas para tapar o sol. Labregas con panos á cabeza... para o que fose mester. Sonche as clases. A diferenza.

E no fondo o monte. E máis alá máis monte. O monte do Outeiro dos Lameiros, onde os petroglifos son marcas de vida. O monte de Noiteboa, onde subían, nesa noite, os labregos e labregas para ollar as témporas. Alí adiviñaban o tempo que ía facer durante o ano, para logo aplicalo ás tarefas agrarias.

Parroquia-monte: unha simbiose acertada.



amos os domingos todos do verán. A véspera deixabamos na casa todo preparado para o día seguinte. Pola mañá colliamos a barca dende a Ribeira que nos levaba deica a praia Barbeira. Se algún día a marea estaba baixa cruzabamos polas rochas. Lembro aínda o primeiro día que cheguei. Axudáronme a baixar da barca polo pequeno embarcadoiro de madeira que os mesmos barqueiros puñan preto da praia para que ningún de nós se mollase. Saquei as miñas sandalias e sentín a area nos meus pés de cativo. Achegueime logo á auga e molleime por vez primeira. ¡Que ledicia! Toda a familia pasabamos o día na Barbeira. Cando se fartaban do sol, os maiores ían ata o piñeirál e alí descansaban, durmían a sesta e xogaban ás cartas.

Hoxe todo mudou. Aquí, sentado na mesma rocha na que puxen as sandalias por última vez, lembro aínda como o Compá chamaba ao final da tarde: “¡Quién se viene!” ;“Quién se viene!” Avisaba de que era a última viaxe na barca para volver á Ribeira.





A praza do peixe estaba tan preto do mar, que ás veces os propios peixes entraban nadando. Ocorría con certa frecuencia, naqueles duros invernos, cando o mar era de marusía, e as augas da Cuncheira percorrían a Palma para xuntarse coas da Ribeira.

As peixeiras vendían nas patelas enriba das bancadas de pedra que, en parte, aínda se conservan apegadas á parede dos arcos que permanece no paseo da Ribeira. Na praza había un cuarto destinado a conservar en sal a carnada dos mariñeiros, sobre todo bolo. Tamén un espacio onde se facía a poxa do peixe.

A praia da Ribeira, sobre a que se erguía a praza, era entón un lugar dedicado exclusivamente ao tema da pesca e era ocupada, case na súa totalidade, polos barcos, lanchas, gamelas.

Os aparellos eran secados de cotío, na propia Palma, ou nos tendais feitos ex profeso para tal fin. Tamén ocupaban parte da praia as instalacións dedicadas á carpintería de ribeira.

A dependencia da flota de Baiona limitaba o normal desenvolvemento da venda, naqueles invernos tan duros.

Esta praza, e mais a da froita, eran basicamente os centros de actividade comercial de Baiona.



uen dixo que o tranvía tardaba moito en chegar a Vigo?

- Q

Hora e cuarto. E ¿canto leva agora chegar de Baiona ao centro de Vigo? Ademais, se algún tranvía ía retrasado chamábanme a min para poñelo en hora. Non che digo como. (Voando, pero sen xente). Para Baiona máquina e remolque. Para Gondomar unha máquina soa e, ás veces, unha unidade, o borde aberto con baldeiras para cargar verduras, feixóns... As unidades grandes de 36 asentos e as pequenas de, penso, que 16, freo de aire e 9 marchas, 5 en serie e 4 en paralelo.

Había que ter moito tento para que non tremelicara e levar sempre o touro polos cornos, que xa levamos algún desgusto na baixada de Canido.

Luis o Castro, Palacios, Sr Antonio o Comilón, eran só cobradores. Habíaos só conductores como Prudencio de Camos ou Rotilio, e outros que facíamos de todo.

Os de Baiona-Gondomar chamábanse tranvías e os que ían da Florida á Ramallosa ferrocarrís. Pero o que se mira na foto é un día de festa, son dous tranvías, un deles co furgón da mercadoría e o correo.

Algo máis adiante do peirao, diante das Verísimas había dobre vía para manobramos.

No 68 cerráronse as liñas, xa antes Saracho empezara cos autobuses de ATSA.



A praza da Leña ateigada de xente. A Virxe da Anunciada enriba da andia, pousada nos ombreiros dos "maríns", preside o acto. Detrás as autoridades eclesiásticas, civís e militares. A banda de música de Baiona preparada. O espacio da praza que deixa libre o xentío ocúpano os vintecinco mariñeiros ataviados para executar a danza das espadas.

Laureano Ratel, o capitán, dálle un sinal ó director da banda e comeza a música. A primeira figura que executan é a ponte; o capitán colócase, dereito, enfrontado ao segundo, espadas a bater á altura da testa e pernas saltando; ao lado do capitán sitúase o terceiro e á beira do segundo, o cuarto, cruzando todas as espadas que baten ritmicamente á vez que non cesa o salto. A xente dá palmas, sae o capitán polo túnel formado polos outros vintecatro mariñeiros; o segundo e mais todos os pares desandan a figura formada cunha media volta, de xeito sinxelo, mentres que os impares rotan sobre si mesmo cunha volta enteira, as mans erguendo as espadas por riba da cabeza. Todos, agás o capitán, reciben un golpe da pandeireta ou unha pancada do "rabero", o último dos vintecinco.

A música continúa, súan os corpos, espían espadas e fitas. Ela alí, señora, vixiante, paciente. Sucédense as figuras: caracol, ponte, estrela, unha ponte dobre, a piña. O punto sublime chega no saúdo á Virxe: vintecatro homes dispostos en catro fileiras de seis e cada cabeceira de fila cravando a súa espada no corpo do capitán, dúas na barriga e dúas na boca. Logo, todos axeonllados saúdan, cansos e agradecidos á súa, á nosa Virxe da Anunciada.



Costa reconecer Baiona, ollando este retrato, e non é que transcorreran moitos anos, pero o cambio é descomunal. Espero que para ben sexa.

De primeira liña a única vivenda que segue máis ou menos igual é a primeira á esquerda. Do resto nada que ver, e xa non digamos tirando ao monte, que del pouco queda.

Esta imaxe é un pouco tristona, porque non se olla ninguén pola rúa, cousa rara porque aí están as antigas “escolas unitarias” e o peirao.

Dende logo eu quedo coa Baiona actual, sempre fermosa, e onde aínda se pode escoller.

Unha primeira liña: barulleira (ata ruidosa), inquietante, alegre, sempre entretida (quen queira) cunha panorámica irrepertible, sempre cambiante e sempre a mesma, pero que un nunca cansa de ollar.

Unha segunda: máis sosegada (sobre todo de día ) e conservadora, de rúas estreitas e empedradas con algunhas casas ben conservadas que falan da historia e evolución da vila.

E as “traseiras” onde aínda se pode gozar de lugares moi tranquilos que son unha ledicia.

A parte nova de edificios xa é outro cantar: coído que hai unha falta grave de planificación coherente e bo facer, pero ollando para outros “lares” vense máis “estropicios”. Polo tanto aínda que todo é mellorable, tamén podía ser peor.





Tño soñado moitas veces coa antiga vila intramuros, coñezo a súa historia e o seu trazado, sinto unha saudade de rúas estreitas que nunca percorrín, de prazas ateigadas doutra xente, de cheiros agora impensables, abraíame o seu rexeitamento do mar do que forma parte.

Mais o Palacete, ¿foi real algunha vez?. Vendo a fotografía non atopo a súa lembranza, só sinto un baleiro.

Quizais algunha vez, durante un lonxano por infantil asalto ás murallas albiscara a súa forma difusa, percibira a súa presenza, algún amigo mo sinalara. Teño se cadra unha lembranza imprecisa das faladurías dun coñecido que á súa vez coñecía a un asistente a festas lonxanas, a guateques xuvenís.


Din que o chegou a habitar unha familia. Pero creo máis ben que é un engano da miña memoria. Non, abofé que non existiu nunca.

Despois da vella Erizana só houbo un baleiro. As murallas circundaban un todo verde que realmente non era nada. Baiona existía fóra e o castelo (así era como o chamabamos) ocupaba o seu lugar no noso escenario da mesma forma cás lonxanas Cíes ou o poñente sobre o Rompeondas.

Sen embargo, fixo falla dinamita para eliminar esa ausencia, para borrar esa presenza irreal agora substituída por un neo-pazo que nunca existiu e que semella querer desterrar da lembranza e da historia a nosa existencia como habitantes da península de Monte Boi, que converte unha muralla erguida para defender a un pobo nun requintado peche de finca nobiliaria.

Pero non vos enganades, o de agora tampouco é real, se vos fixades atentamente, poderdes percibir, aínda que sexa de maneira confusa, o bulicio lonxano da xente que transita polas ruelas, os pregóns dos vendedores, o ruído das cabalarías ou as badaladas dunha campá.

Aínda están, aínda estamos aí.



anta lembranza e canta saudade, miña querida Baiona.

**C**antos recordos que están dentro e ao verte agroman, medran e fortifícanse co peso do tempo. Ese tempo que te fixo famosa pola túa femosa badía, gracia do río Miñor, que apenas te endoza. Insensible aos temporais, ás fortes resacas e aos mares de fondo.

Esa Ribeira que te fixo ditosa coas embarcacións fondeadas ao seu abeiro, co quefacer cotián nos areais, as descargas de peixe... Ese dique seco, natural, formado polas baixadas e subidas das mareas onde repousan para seren secados e pintados: A Fea, Ave-Sen Rumbo, Virxe do Carne..., os seus xogos de pao e verga, o temón e a vela latina que engalanaban as túas regatas na Anunciada.

Os teus buques de vapor fondeados por popa e con amarras por proa esperando repousar nas túas areas: Primavera, Elenita, Miguel de Cervantes, Nartallo, Valle Miñor. Ese espigón que rexo en lonxitude e altura, que agradece ao Monte do Boi a totalidade das súas pedras. La Isabelita que coa súa pasarela e cos seus remos espéranos para levarnos á Barbeira.

Esa voz de Angelito que continuamente escoitabamos na lonxanía: ¡A ve quen se vene! A súa cara dura arada polo sal e polo vento con aspecto de lobo de mar e o seu brazo forte de remeiro déixanos na area.

E xa despedíndome de ti, miña querida señora, esta é a mellor herdanza que podemos deixar aos que nos fan vellos, o noso recordo e o noso amor. Eses recordos que a memoria garda de barcos e xentes que sulcaban as augas e falaban de ti e de tantos que dumiron nelas. E dese amor eterno que transmitiremos aos nosos fillos con lealdade por ti.



## NIEVES LOPERENA DE SAÁ

**A**os meus case corenta anos boto unha cidade cara atrás e decátome de que Sabarís, o mesmo cá maioría das vilas, ten mudado de xentes, de paisaxes, de costumes... Desapareceron veciños como Rita Pino, chamada popularmente Marciana o mesmo cá súa nai. A súa panadería ficaba alí na praza, sempre ía na compañía dalgún cativo que lle axudaba no campo e a levar na cabeza as pranchas cos boleardos, os bolos de pan e as madalenas que cocía no forno da Porta do Sol. De volta, sempre nos agasallaba algún dos miniboleardos que facía á mantenta para os axudantes.

Pasada a botica de dona Celia Estévez, que logo foi de dona Nieves de Saá, estaba a tenda de Pepe, O Coxo, nela vendíase de todo. Marciana contaba que a xente ata mercaba unhas zapatillas para os familiares mortos, para que non fosen descalzos ao ceo. Co tempo a tenda deixou de funcionar e o señor Pepe dedicouse a vender os billetes do tranvía.

Logo viña a tenda de Artemia. Como o seu home era zapateiro, tiñan a tenda partida en dous: dun lado Artemia, vendendo comestibles, vasoiras, xabóns; do outro, o seu home remendaba os zapatos da veciñanza. ¡Vaia faladoiros que se armaban nesa tenda! Sempre atopabas mulleres que querían saber todo o que acontecía na vila. Lémbroas sentadas diante do mostrador, sen présa.

A seguir viña a parada do tranvía enfronte do muíño do señor Severo, ata alí baixaban as veciñas da comarca a moer o millo, o centeo... Severo pesaba o gran e trocáballo polo mesmo peso en fariña.

Eu non me lembro, pero contan que na casa seguinte, onde agora se atopa o bar Palacios, había tamén outro bar que rexentaba unha señora chamada Celia. Unha muller imponente que, coas súas feitura, tiña apampados a todos os homes do lugar.

Na foto, enterro de don Xulián Valverde ao seu paso pola rúa que estamos a comentar e que agora leva o seu nome. Toda a vila despediu ao "Americano" benfeitor de Sabarís. Os homes descubrían as súas cabezas diante do cadaleito e os nenos lucían braceiras negras como sinal de loito pola perda dun home, que, entre outras cousas, construíu para o pobo a igrexa parroquial de Santa Cristina.



90

Vai indo o tempo paseniño e con il as olladas esvaídas nos recantos da memoria. Fican lonxe as pegadas dos paseos pola area, os solpores dende as rochas brunidas polas ondas mentres os beizos compuñan beixos adolescentes, temerosos, na percura da dozura dun aloumiño de amor primeiro. Son só pedras, auga e terra mesturadas nunha máxica porción do mundo que tivo a sorte de atopar acugo entre a salga salferida do Atlántico e a dozura lene das augas do Miñor. Terra do Monte Real onde Baiona se fixo pobo coutado para ser quen, aberto para darse a coñecer, e sen embargo sempre agarimosa para os que viñeran por mar e terra a compartir devezos, traballos e ledicias. Viño e polbo, pan de millo... suor e aturuxos, urros de gorkas fortes a turrar polas redes, labor e xolda, mestura que fai dun pobo algo máis que un nome, un lugar onde se atopar.

Van, si, van indo os relembrs ao pegar os ollos contra do papel que pega da foto na que xa non todo é, nin sequera todo está. Máis, namentres nos quede memoria, aínda por moitos anos ha ser Baiona a Real porque así o quixo un rei e así a fan os que a defenden e traballan a cotío para que sexa algo máis que unha postal para turistas. ¡Coidai, amigos, da gamela! ¡Coidai do piñeiral! ¡Coidai das areas da praia! ¡Coidai! Mirar que un non é nada se non sabe coidar do que ten. Non lle poñades á foto nada que poida estragar o mañá, porque Baiona é nosa aínda que sexa real.

¡Coidaime, amigos, da postal!





Villa Rosa, Villa Zoila, Villa Sol, Villa Angelines, O Gurugú, As catro Torres... entre outros casaríos que na actualidade xa non disfrutamos coa nosa vista como O Peñascal, propiedade do Sr. Valeiras, ou a residencia dos Zarauza, fixeron que esta parte da vila de Baiona adquirise o nome de zona residencial. Eran habitadas, a maioría delas, por xentes adiñeiradas como a familia Tapias, a familia Landín -antigos propietarios do actual Liceo Marítimo de Baiona- ou a Prieto Cuervo. Familias compostas por "señoritos" e "señoritas" que xunto coa súa servidume acostumaban pasar longas tempadas durante a época estival, aproveitando así para deleitarse coas augas iodadas do Balneario da praia da Cuncheira.

Na fotografía, tomada dende a subida á Virxe da Rocha podemos observar estas casas nobres con grandes zonas axardinadas e cunha decoración antiquísima cargada de pezas de valor incalculable, rodeadas por camiños de terra e sen grandes edificios que impedisen disfrutar de tódalas paisaxes que ofrecía a nosa vila.

Un bonito e nostálxico contraste ente a Baiona de principios do século XX e a Baiona actual.



Baiona enriqueceu o seu valioso patrimonio cultural cun espléndido monumento pétreo dedicado á Nai de Deus e que se coñece como A Virxe da Rocha. A fotografía amósanos a maxestosidade desta obra escultórica soñada polo enxeñeiro Laureano Salgado e levada a cabo polo arquitecto modernista Antonio Palacios. Situada no alto do Monte de San Roque, a imaxe vixía os movementos da ría de Vigo coma “faro espiritual” dos mariñeiros que, poñendo a súa mirada nela, atopan a protección e o agarimo de Santa María a quen confían as travesías e os traballos no mar.

A idea da construción naceu en 1908 e o seu financiamento foi costeado por subscrición popular. A primeira pedra colocouse dous anos máis tarde, e procedeuse á solemne inauguración o 14 de setembro de 1930.

A escultura, de 15 metros de altura dende a súa base, está tallada en pedra, a excepción da cara e das mans que son de mármore branco. Transcorre, polo seu interior, unha escada de caracol que nos leva á man dereita da Virxe, na que repousa unha barca-miradoiro dende a que contemplamos fermosísimas vistas á baía baionesa. A outra man da Virxe fai un xesto de protección e proximidade aos homes do mar: de feito esténdea como tocando e arroupando ao mariñeiro para que sinta a súa maternal bendición.

Gaña en vivacidade a obra escultórica tanto co detalle do escapulario, pendurado dende os ombros, coma cos diferentes pregos do seu manto. Favorécese, desta maneira, a sensación de movemento, coma se a brisa do mar incorporase a Nosa Señora na paisaxe e producira un balanceo harmonioso e rítmico nas súas roupas e nos piñeiros do monte..

Como protectora dos mariñeiros, pensárase inicialmente en colocar na súa man dereita un farol a modo de guía, pero descartouse esa posibilidade por mor de non crear falsas referencias e desorientación que puidesen provocar accidentes na navegación.

Nos nosos días a imaxe da Virxe da Rocha amosa unha estampa diferente á que atopamos na foto: a coroa da Virxe incorpora en porcelana unha cruz que lle dá gran policromía, tan propia das obras de Palacios. Arrepía aos ollos e á estética a reforma do miradoiro na que se utilizou cemento.

Conclúo facendo referencia á romaría popular que celebramos o último domingo de agosto, na que o sentimento relixioso e de festa xúntanse para agasallar vivamente a memoria de Santa María. A Ela, Estrela do Mar, Faro Luminoso e Modelo para os crentes, acudimos para que siga protexendo as xentes do mar e ó pobo de Baiona. Ela é a Rocha firme e valiosísima de segura



Entre o edificio do Hotel de A Palma -á esquerda da foto- e a Casa de Florentino Vázquez -á  
**E** dereita- figura Villa Lola, que foi sede da Academia S. Rafael, máis coñecida por A  
Academia. Foi fundada e rexentada polos mestres Rafael Baena, Director Honorario,  
e o que isto escribe, Remigio Nieto, como Director Executivo.

A Academia tivo un papel capital no ensino de Baiona durante os anos sesenta. Abonda con ter  
en conta que a principios desta década eran fabas contadas os bachareis censados neste  
concello, pois non existía no Val Miñor nin un só centro público ou privado, onde se puideran  
cursar estudos de Bacharelato. Veu a remediar esta deficiencia.

Era un centro privado e libre, de educación integral e en réxime laboral de cooperativa.  
Contaba cunhas instalacións e uns equipos didácticos humildes, se os comparamos cos que  
posúen os centros actuais, pero superiores aos que dispoñían a maioría da escolas públicas do  
municipio. Na Academia impartiron clases, en diferentes anos, un total de 16 profesores, algúns  
deles mestres nacionais en exercicio. Polas súas seis aulas pasaron durante os dez anos de  
existencia máis de 350 alumnos repartidos en: dúas seccións de Preescolar, unha de E.  
Primaria, outra de E. Preparatoria e a correspondente aos catro cursos de Bacharelato  
Elemental. Os prezos das clases oscilaban no ano 1969 entre 50 e 500 ptas. ao mes, efectuando  
descontos do 10% e o 20% ás familias que tiñan dous ou máis fillos estudiando, dándose casos  
de ensino gratuíto por carencia de medios económicos.

Aínda que nunca chegou a ser legalizada por non poder reunir todos os requisitos que as leis  
vixentes esixían, foi inaugurada o 2 de outubro de 1961 cun acto académico ao que asistiron as  
primeiras autoridades locais: Alcalde, Cura Párroco, Axudante de Mariña e Secretario da  
Irmandade de Labradores e Gandeiros. Clausurouse o 31 de setembro de 1971, dando paso á  
nova E.X.B., que comezaría a impartirse nos, naquelas datas recentemente construídos, Colexios  
Públicos de Baiona e Sabarís.



Cando te tiven por primeira vez nas mans, dende ese mesmo momento lembreime do Martín “O Corneta”, ¡meu compañeiro! Chegara eu tres anos antes dende Montevideo; terra fermosa onde meus pais, emigrantes, se coñecerían. Terra tamén entregada ao mar tanto coma esta.

Sentados no pombal da finca do bosque, contemplando o rostro serio da imaxe que tiñamos diante, entre calada e calada aos nosos primeiros pitos, por suposto mentolados, afondabamos na disputa de ¿que era máis fermoso, o seu mar ou o meu?

Eramos os dous forasteiros neste punto da vila, posto que el viñera da parroquia do Burgo, mais naquelas datas tan lonxe coma o meu barrio da Aguada.

Logo de rifar durante un bo anaco e chegando case á noitiña co orballo petando nas cacholas e aínda co gusto a tabaco nos beizos, chegamos a un entendemento case que casual, cordial: ¡o mar é o mesmo! De súpeto estouraron na noite dúas gargalladas e unha soa aperta.

Latexábame o corpo de ledicia a ritmo dos tambores do candombé, e sorbía da súa faciana o asubío dunha gaita delirante. Entón decateime aquela mesma noite que o Corneta e mais eu compuxeramos a primeira muiñeira candombeada do mundo.





Un día díxéronme que antigamente na rúa Carabela A Pinta, diante das monxas, había un pilón. Agora, mirando a foto, eu penso se de verdade paga a pena todo este progreso de cemento. Tanta comunicación e... ¿non estaremos trabucados?

Derrubamos o noso patrimonio; mentres, noutros lugares consérvano e presumen del, amosándoo para que todo o mundo poida gozar dun recuncho do pasado.

Xa non hai regato das Fontiñas... Agora substituímoslo por asfalto e edificios.

Pero o que máis mágoa me dá perder desta foto é a conversa, as boas tardes, eses cinco minutos parado ao pé do camiño, ese falar por falar. Pérdese esa comunicación que había nos pilóns, as mulleres falaban do seu, rían, cantaban, rifaban...

Eu aínda vivín esa época, cando non todo o mundo tiña unha lavadora e os rapaces xogabamos con botes de lixivia furados na tapa e botabamos guerras de auga.

Nestes tempos temos moita présa, non se poden perder cinco minutos falando do tempo e menos pensar en todo o que estamos a perder.



Esta foto forma parte dunha vista panorámica de Baiona, composta de 8 imaxes solapadas con dobrez central á altura do campanario da colexiata, obtida desde a punta do vello peirao de madeira, abarcando unha visión desde o Cais ata o matadoiro á entrada da fortaleza.

Aquí aparece a rúa Alférez Barreiro desde as escaleiras do Cais ata o canellón do cine. Domina a imaxe o entaboadado coas redes tendidas, táboas e máis táboas separadas por considerables fendas e isto lémbreme os recordos que me contaba meu pai de cando era mozo, de como ían coa gamela por debaixo do peirao para ver o que as longas saias escondían, nun mundo con hábitos hixiénicos máis naturais, supoño que facendo as delicias da pillaría dos nenos e do bochorno dalgún compañeiro que recoñecía as saias, que vía ao pasar por debaixo, como as da súa nai.

Tamén me gustaría mencionar as antigas escolas. O meu primeiro colexio de mesas corridas con tapa e tinteiro. Todos os nenos de todas as idades. Os máis pequenos diante, os maiores detrás. A colección de medidas (xerras de distintos volumes ) e un burato no chan polo que se vía o soto. O reparto de triángulos de leite Larsa no recreo. Tamén lembro a pensión Asturias e o Novo Pote na esquina do canellón do Gasolinas, hoxe Herminio Ramos e da casa Gringo, co seu gorentoso mural de mariscos. Na foto o solar aínda é ocupado por unha casa dunha altura cunha parra diante e na esquina da canella do cine, a vella casa do bar Victoria de meu tío Herminio Santos.



sa vila mansa de ollada felina que dorme sobre o mar; esa é Baiona dos devanceiros. A Baiona do mar que dá, a Baiona do mar que leva. A que se abeira tras o Cabo Silleiro, onde quedan os recados sen diñeiro. A da néboa en Baredo e noroeste cedo; a da néboa na Groba e noroeste afora. Alí onde, atención, han coidarse os mariñeiros cando a Rocha pon capelo.

Detrás das galerías, nas casas, as pupilas axexan a lúa na tardiña. Se deitada, mariñeiros de pé. Se en pé, mariñeiros deitados. Hoxe, as gamelas semellan adormecer nas ramplas escoitando o ruidoso silencio do mar; é o único prepotente silencio que rosma incesante no rabo desta vila erizana vestida con peluxe de gata. Hoxe hai chíos de gaivotas. Elas na terra e as gamelas na ribeira. Gaivotas á terra, mariñeiros á merda.

A humidade deita pingueiras azuis nas tellas das casas mentres o asubío das cazolas trae ulido a peixe no vento. Disque cando hai peixe, a muller do mariñeiro ten diñeiro. Pero coa hora do marusío en Baiona, brúa o mar que amedoña.

Esa vila gata acristalada e erizana é a desaparecida parada dun tranvía do pasado que o mar arramplou canda si para sempre.



Cando atravesámos o vao que nos leva a monte Boi vemos á dereita a arcada que fica da antiga praza do peixe, a xeito de calcificados restos dun lendario animal mariño. Os refugallos do peixe, e o peixe de refugallo (-señora ¿quere raia?. -Ai raia, por deus veña polo demo vaia), mesturados co resto do lixo derivado do traballo das peixeiras, devolvíanse ó mar; podrecían na beira estrando a praia, e no aire flotaba pestilente o característico fedor.

Disían os vellos que nos invernos duros baixaban os lobos á praia a comer no peixe podre, contábame meu avó, arrequecendo a historia con recursos de novela gótica, e eses vellos e as súas palabras eran ecos de finais do século XIX, que me facían tremer imaxinando unha Baiona asolagada nas tebras da noite, mentres o lobo se enseñoraba desta praia ao tempo que os seus ouveos resoaban nas desertas e escuras rúas da vila.

Hoxe en día, outros animais con parecida fame devoran coa vista os coiros que torran ao sol entre os artificiais aromas dos protectores solares. Dende logo, o lobo cambia de pelo, mais non de costumes.





aiona exerceu sempre como polo de atracción de xentes e culturas.

**B** Elixín esta fotografía porque representa fielmente o vello dito de “vale máis unha imaxe que mil palabras”. A vida en Baiona nesa data, que a xente maior cifra nos primeiros anos da década dos trinta, centrábase en torno á Praza da Froita.

Neste día soleado de verán pódese apreciar o gran número de persoas que se amorea arredor das mercadorías de dita praza. Desde tempo inmemorial foi coñecida como da Froita por celebrarse o mercado de froitas, verduras e legumes de luns a sábado agás os días de San Cosme que duraba todo o día. Ademais en determinadas fins de semana celebrábase na praza e nos soportais todo tipo de comercio, incluíndo tamén a ourives e prateiros ourensáns, acudindo xentes de toda a comarca.

A Praza da Froita segue sendo coñecida desa forma aínda que dende 1933 chámase Praza de Pedro de Castro, en honor ao médico de dito nome, nado en Baiona en 1592 e morto en 1661. Este eminente galeno dedicou a súa vida a ensinar a falar aos xordomudos, primeiro en España e despois en Francia e Italia, seguindo os métodos de Ponce de León e Juan Pablo Bonet.

Na Praza ademais do mercado celebrábanse concertos, sermóns da procesión do Sagrado Corazón de Xesús, monicreques,... levando a xente bancos para poder estar mais cómoda. Este espacio é posiblemente o máis vivo da vila ao estar próximo ao porto pesqueiro e aos transportes que chegaban a Baiona. Na imaxe pode verse o autobús da Empresa Gondomar e a parada do tranvía Vigo-Baiona, que no treito Ramallosa-Baiona foi inaugurado o 3 de Setembro de 1926.

O mar é elemento importante da vida de Baiona e ten gran relevancia na fotografía. Por un lado, pódese ver a imaxe dun barco pesqueiro a vapor, que se dedicaba á pesca da sardiña mediante o método da ardora, utilizándose redes e traballando durante toda a noite. Ao chegar a terra vendíase a pesca e trasladábanse as redes á zona dos Tendais, onde as mulleres as palmeaban, limpaban e cosían.

As gamelas nas que se saía a pescar co único impulso dos brazos dos mariñeiros e as gamelas auxiliares enchían unha superficie importante da baía.

A fortaleza de Monterreal cunha frondosa arboreda aparece no ángulo superior esquerdo. E como marco xeral a costa de Monteferro, Panxón e Praia América ennobrecendo esta rica semblanza da vida baionesa.



**N**os anos mozos do novecentos, un século tráxico e venturoso a un tempo para as Españas, os reis xiran visita á Real Vila. Corrían os días do ano de graza de 1927 e a estrada/rúa foi engalanada con ducias de faroliños venecianos, tan do gusto fin de siécle por estes lares. Eran tempos nos que a elegancia e o bo gusto presidían os actos protocolarios. Moi posiblemente hoxe en día no canto do esvelto arco do triunfo penduraría unha pancarta con publicidade, nos seus laterais, dunha coñecida apócema gasosa.

Daquela as vilas e as cidades eran patrimonio das xentes e non dos seus vehículos de tracción mecánica. As árbores das beirarrúas e das alamedas tiñan un sentido que ía máis alá do ornato. O século XIX foi en Galicia, como no resto de Europa, o século burgués. A nova aristocracia do diñeiro e do funcionariado impuxo, paseniñamente, os seus gustos no lecer. Os paseos matinais, á saída da misa dos domingos, ou vespertinos acarriñando o solpor eran o núcleo central da sociabilidade vilega e as árbores prestaban a súa sombra protectora para que as boas familias puidesen demorar urdindo algún negocio, pechando algún casamento ou comentando as últimas novas aparecidas no xornal.

Noutra Vila, mellor tratada polo século do progreso, o arco do triunfo estaría á saída da estación do ferrocarril, pero Baiona perdeu ese tren e tivo que conformarse cun tranvía que inzou de pequenas torres as beiras da estrada e tendeu railles polo chan.



esta imaxe da Palma, de comezos do século XX, podemos apreciar os edificios do Hotel da Palma e os chalés que flanqueaban o borde interior da estrada xeral, en torno á praia da Cuncheira, co seu Balneario de augas mariñas quentadas con algas. Constituía, xa daquela, o primeiro foco turístico do Val Miñor.

Na explanada da Palma, as atadeiras de redes sumidas na súa artesanal laboura sobre as pezas do xeito, ao carón do monolito doado por Ventura Misa no ano 1860, antes de que fose trasladado entre o arboredo fóra do que sería o terreo de xogo. Alí os deportistas máis novos do Sporting Baiona comezarían a xestar as glorias balompédicas baionesas.

Campo de deportes e tendal de redes. Sen dúbida, as facetas máis características do Campo da Palma para moitas xeracións. Aínda recordo cando anunciabamos os nosos partidos de fútbol, rematando cunha apostila: "O encontro xogarase se o tempo e os armadores o permitisen".

Afortunadamente, hoxe en día, o Parque da Palma, ampliado tralo derribo do muro señorial que bordeaba a Media Lúa do Condestable, forma parte dun dos conxuntos públicos histórico-paisaxísticos máis emblemáticos do litoral galego. Vencellado á península de Monte do Boi, tal e como anhelaban os nosos devanceiros.



114

A Palma de casas de veciños hai máis de 300 anos, a Palma de festas, rosquilleiras, bandas de música e gaiteiros, a Palma asulagada polas marusías, entraba o mar pola Cuncheira e saía pola Ribeira, aboiaban as gamelas. Palma tamén do duro traballo das redes, atar, encascar, e tender a secar; esta Palma era tamén a dos partidos do Erizana. Cada domingo os homes chegados do mar, apartabamos os aparellos e centos de almas a animar aos seus, a animar ao Erizana de Pití, Darío, Isaac, Papelitos, Mequerle, Lanina, Tomás, Montaña, Fino, José Antonio..., que sucedera ao “Baiona Sporting Club” que fundara don Manuel Godoy cos míticos Meneca, Jos, Popó, Celestino, Paco Moscón, os Cabreras...

Con nós foi presidente Fariñas e o padre Fernando que tanto presidía o Erizana como repartía leite e menciñas na rúa Ventura Misa ou regalaba basías, case un cento, aos mariñeiros que o necesitaban. Foron tamén presidentes Urbano Montaña e Victorino.

A xogar con zapatillas e uniforme variado, campo de terra e salitre, o campo de namorar nas festas. Pase de bandeira para recadar uns pesos para gastos. Pagábannos cuns chífnanos e un par de cuartillos de viño tinto na de señor Angelito.

¡Ala Erizana campión!





**D**aquela, chegaban de lonxe as poubanas, do monte, do interior, de lonxe. Viñan de Malvas, de Seixas, de Mos, de Vilachán, de Areas, e repetían moitas na casa dos mesmos veciños de Baiona creando lazos de amizade e lembranza que ata hoxe chega. Tomaban o primeiro baño da mañá sen mostrar ó mar o seu corpo, sen entrega, con cordas tendidas a marcar o límite do mar que trae e o mar que leva. Procuraban o poder da auga como quen se achega á calor do lume sabendo que queima. E logo cubrían con ben de roupa seca o seu corpo para esconxurar o frío.

As donas e os señores, distantes, “os señoritos” da cidade, cubríanse do sol baixo os chapeos e os tomasoles. Moitos tiñan casa na vila. Aínda algunha queda entre os edificios que hoxe asombran a Cuncheira.

Brancos os chapeos e os parasoles, negros os fatos e os vestidos das señoras e os señores, e brancos os tecidos para protexer dos elementos a fermosura da pel branca das poubanas.

E as nenas, todas brancas. A Pureza, a Inocencia coa ollada a perderse no infindo azul que ó lonxe marca o bico do mar co ceo.

Distintas as fronteiras e os espacios que xa daquela impuñan as distancias. O mar, as rochas, a beira onde uns e outros conflúen entre mar e terra.

Xa daquela os señores, na seguridades das rochas, quizais especularan sobre o valor dos terreos, os portos deportivos, o urbanismo, o turismo, os recheos. E quizais as poubanas, a xente do interior, do monte, nesa distancia, dende a inseguridade da area que de entre os pes o mar arrebatara, espreditaban ós de fóra coa desconfianza de quen se pensa dono dun tesouro que todos anceian.

As criaturas, alleas, inocentes, todas brancas, coas mans tan limpas, espreditan ou adiviñan na tona daquel mar tan azul e branco, pola chegada dalgúns “hilillos de plastilina”.

Convén calar, pois todo aquilo que un diga poder ser empregado na súa contra, por aqueles que se din tan bos e xenerosos como os que se pretenden donos destes mundos.

Lembrede que todo vai ben, como no mellor dos soños.



O enorme vapor impón. A emoción apreixa os cativos corazóns. Os nervios enchoupan as mans de suor naquela calorosa mañá de agosto de 1920. Nenos e nenas apresúranse, rebuldeiros, a subir ao lombo do xigante que os vai transportar ás illas dos soños. No medio, criadas con cofia e branco mandil coidan das albas criaturas vestidas de impolutas roupas e cargan coas viandas escrupulosamente preparadas para degustar nos piñeirais das Cies.

Os señores de azul con gorriña de prato axudan a subir a bordo aos herdeiros da burguesía e da aristocracia veraneante na fachendosa e irreal Donostia do Atlántico.

Entre o balbordo infantil, imaxinamos, destaca un rapaz alto e louro, observado dende o adarve da fortaleza ou dende o ventanuco da garita vixiante por Gustav Von Aschenbach. O Tadzio viscontiano sería o último en subir en parsimoniosa manobra de achegamento.

Imaxinamos tamén que un escritor mozo, nas mans un pequeno caderno de notas, observa a escena a bordo do "Norita"e, de cando en vez, dirixese a Camilo Nartallo mentres, no seu maxín, recita reiteradamente unha estrofa que leu hai días e que non é quen de esquecer: "Quen contemplou cos seus propios ollos a beleza, está xa consagrado á morte".

Entre a Barbeira baionesa e o Lido veneciano só hai unha diferenza: Thomas Mann e Luchino Visconti.



C hámame Faro de Cabo Silleiro. Ilumino os camiños do mar co meu único ollo, coma un Polifemo. O meu pai estaba un pouco máis abaixo, ao pé do mar. Nacera en 1862, pero ao quedar vello e pequeno apagouse e nacín eu, no ano 1924.

Eu, na miña soidade, estiven acompañado dende o ano 1931 polo ruído monocorde dunha sirena. Deixou de falarne nos anos setenta, cando os homes fixeron ao meu carón un vertedoiro de lixo.

Estou nesta fermosa costa rochosa axudando a chegar a porto e a sucар as augas a tódolos barcos que por ela pasan: aos lixeiros e danzaríns de vela, aos lentos e fráxiles de remos, ás ruidosas e rápidas motoras, aos pesqueiros cheos de ilusións, aos perigosos petroleiros co seu negro ronsel, aos cargueiros cos ventres preñados... Eu son a esperanza dos duros e valentes mariñeiros que os gobernan para chegar sans a casa.

Ás veces o meu labor non abonda. A pesar de divisarme dende máis de 30 millas non puideron evitar os moitos e terribles naufraxios que se produciron nestas azuis augas atlánticas, dos que son triste testemuña.

Tanto eu coma meu pai acolliamos aos sufridos torreiros e ás súas familias con grande ilusión. Nomear aos que viviron con nós sería interminable. Con eles pasei ledicias e tristuras, acompañeinos nos días de risas e nos días de loito. Xunto a eles sentín calafríos cando me percorreu a electricidade por primeira vez, no ano 1932. ¡Fun dos primeiros faros eléctricos! O meu funcionamento a petróleo xa era historia.

O meu futuro é incerto. Quedarei só como atracción turística, alimentareime de novas enerxías e tecnoloxías, ou... non sei.

Espero que o meu ollo non se apague xamais.



A nosa Igrexa de Santa María, Colexiata dende o ano 1482 deica 1840, amósanos, hoxe en día, unha mestura de ordes: románica, gótica e barroca, polas sucesivas ampliacións realizadas a traveso dos séculos.

Como vestixios románicos salientamos: o pórtico, a cabeceira con tres ábsidas poligonais, a absidiola do Evanxeo que soporta o campanario. Tamén incluímos neste grupo as catro pilastras do Cruceiro cos seus capiteis historiados con variada ornamentación: axadrezados, dentes de serra, tacos, bolas, billetes, adiamantado, palmas, sesifolias, chevróns, unha aguia a peteirar na figura ¿dun coello? Tamén os rostros de ollos abertos, sen expresión, coma cegos ¿ou mortos? A imaxe da aguia repítese no capitel da esquerda do pórtico e nunha ménsula ou canzorro dos dezaseis que se acubillan baixo o saínte do frontispicio norte. Estas figuras son tamén románicas. O ábaco da primeira pilastra (diante do Evanxeo), na súa banda da nave maior, amósanos unha expresiva escena de cacería.

O interior da cabeceira maior, mais toda a amazón dos arcos da igrexa, son de perfil apuntado, característica do gótico. Os arcos faixóns da nave central nacen en ménsulas que semellan banzos, moi semellantes aos de Oia. O campanario é do mesmo estilo, aínda que de obra máis moderna, contemporánea da porta de Filipe II, en Monterreal. O púlpito, gótico, idéntico ao de Santo Domingo, en Tui. A Capela do Rosario é do século XVII. No 1659 lévase a cabo a obra da sancristía, engadido exterior da absidiola norte, sufragada por quen fora correxedor da vila, Francisco de Cabral, segundo consta na copia do testamento deste, gardado no Arquivo Histórico do Concello. No muro norte da Igrexa sitúase a Capela doada por Josefa Omaña, no ano 1796. A fachada principal, coas dúas torres nos flancos intercomunicadas entre si, por riba do tellado e por unha pasarela interior (por baixo do rosetón). Mostra os caracteres propios dunha fortaleza, que presumimos era o seu destino.

Entendemos que anterior a obra influenciada polo mosteiro de Oia, existiu outro edificio, románico, duns doce/catorce metros de longo, o que soportaría de seis a oito canzorros por banda, segundo teoría inédita e contrastada en igrexas de orixe semellante. O pórtico, a fachada





As costas de Monte Boi, ao pé das súas murallas ameadas, en fronte da media lúa, outeada pola Torre do Reloxo esténdese, parsimonioso e imperturbábel, o Parque da Palma, memoria histórica dos feitos máis salientabeis, acaecidos no litoral bracarense, desde o medievo ata hoxe.

Voceiro do descubrimento do novo mundo, escenario dos feitos máis inesperados, apouento dos desfavorecidos, testemuña privilexiada das loitas máis encarnizadas, nexo entre o nacente e o solpor, peneira do bruar das ondas da rompida, agarimo do remanso dos atardeceres, confidente dos amores e desamores, das certezaas e dos desenganos, das ilusións e das tristezaas, argumentario da vida, lugar de traballo, de festa e de lecer..., A Palma forma parte do acervo cultural de Baiona A Real, que, desacougada, ás veces, pola raposería de pícaros interesados, pervive, ás costas de Monte Boi, ós pes das súas murallas, en fronte da media lúa, outeada pola torre do reloxo, fachendosa e ceibe, como lugar de encontro, como proxecto común.



Rúa de Diego Carmona Pérez. Hoxe casas pechadas. En tempos, aínda non moi afastados, cheas de xente. A primeira, a do señor Ulpiano Vilar e a señora Carmen Leyenda; coñecín á súa filla, a señora Ramona. A segunda, do señor Jesús Cedeira e da señora Emilia Vilar, xunto coa súa filla Chenta. A terceira do señor Jacinto Santos e da señora Concepción Rodal. E a última, a da dereita, onde hoxe está o hotel Tres Carabelas, a dos meus avós: Carmen Vernet e Ángel Fernández.

O convento das nais Dominicanas, tamén hoxe case baleiro, pois as vocacións minguan. Por último, a vivenda na que hoxe está o bar Picar, en época pasada estaba sempre ocupada por algún mando da artillería de Silleiro.

Esta rúa, conta miña tía, era unha das máis concorridas de Baiona. Toda a Laxe era xente mariñeira e, moi de amañecida, baixaban por ela para ir ao mar. Despois facían as mulleres, cando os seus homes chegaban co peixe para vendelo na praza, que estaba xusto onde os arcos da praia Ribeira.

As mulleres tamén pasaban por esta rúa para ir á fonte; nesta zona a única que había era a "Fonte das Monxas", ao comezo da rúa Carabela Pinta.



Vivimos no mundo das “entradas”: “entrada en Europa”, “entrada no Mundo Occidental”, “entrada...”. Esta fotografía tamén nos fala de entrada, pero de entrada na poboación, na comunicación, nas relacións persoais, na vida...

Parece que as persoas que se atopan na instantánea imaxinaban o ritmo acelerado da vida neste comezo de século, e coa súa actitude queren invitarnos a que paremos, a que falemos, a que contemplemos, a que entremos na vida. Esta é unha boa entrada.

Nas aldeas, nas vilas, nas cidades, e tamén dentro dos edificios, das institucións, dos mercados, dos locais públicos, hai algo máis que elementos materiais. Hai seres humanos, persoas que sofren, que traballan, que gozan; hai vida para vivila, para gozala, para compartila.

Baiona, igual que outras vilas, sobre todo mariñeiras, representa esa actitude de contemplar a historia, de vixiar a evolución do tempo e o progreso da civilización. Esta contemplación non é pasiva, non é improductiva. É unha contemplación reflexiva, crítica e constructiva, que incorpora á propia identidade elementos e características doutras culturas. Deste xeito, a vila que hoxe nos atopamos presenta unha mestura de culturas e civilizacións que configuran unha unidade singular.

Neste currunchito do mundo ten presenza o home dende as súas orixes, do que dá fe a riqueza arqueolóxica que posuímos. Foi protagonista de feitos históricos, e o seu mar foi, e é, a entrada de moitas culturas.

Todo isto fai que Baiona sexa un punto de destino, un referente para moita xente. Podemos dicir que é unha entrada á vida, á esperanza.



ontemplando esta fotografía veñen ao meu recordo os anos da miña nenez e xuventude.

C O tranvía era entón o motor de Baiona. Non había outro medio de comunicación. Xente, mercadorías, e mesmo o correo, todo chegaba por medio del. Para nós era unha diversión esperar a chegada do tranvía. Pola cantidade de vagóns que trae, debeu ser tomada o día da Virxe da Anunciada, xa no programa das festas poñía: “Habrán tranvías especiais hasta altas horas de la madrugada”. O mesmo ocorría coas festas de San Cosme e San Damián ou en calquera evento como partidos de fútbol, feiras, etc...

O despacho de billetes non tiña límites; isto daba lugar a que en horas punta a xente viñese como sardiñas enlatadas.

O traxecto Baiona-Vigo duraba unha hora e media, e como faltase a corrente a viaxe facíase interminable. A verdade é que a xente non tiña tanta prisa como agora e comunicábase máis; igual se poñían a falar ou a cantar para facer a espera máis levadeira.

Lémbrome do traxecto que eu facía todos os días no tranvía, saía de Baiona ás doce da mañá para levarlle a comida a meu pai, na parada de Santa Marta, no Burgo, as mulleres dos mariñeiros enchían o furgón de mercadorías de caixas de panchos aínda vivos para vender no Berbés en Vigo. Lémbrome que o primeiro tranvía saía cara a Vigo ás seis da mañá e o último ás oito da tarde ou nove segundo a tempada. O traxecto normal era cada hora e no verán cada media hora.

O tranvía foi durante décadas a vida de todo o Val Miñor. Polo seu percorrido fóronse construindo casas e chalés, e as vistas ao mar e á montaña eran de gran beleza.

Lembro que o señor Antonio Pascual Cabanelas, xefe da estación da Ramallosa durante moitos anos, cando o tranvía xa estaba sentenciado a desaparecer, dixonos con moita pena: “non saben apreciar o que teñen, pero xa o botarán de menos”. Hoxe decátome de que tiña moita razón. A estación do tranvía estaba onde hoxe é a cafetería do hotel Pazo de Mendoza, onde estaba o despacho de billetes e a facturación das mercadorías.





—Avó...

—Dime, rapaz

—¿Miraches esta foto de Baiona?

—Mírei, Brais, mirei. Debe ser dos anos 50 ou 60. ¡Eu aínda era un mozo con ganas de leria! Polo escote do vestido poderíache dicir quen é a muller da foto. Aínda que... dubido. O peixe que leva na patela é robaliza e os únicos que pescaban robaliza con liña eran "os..." Bo, non sei, tería que pensalo.

—A vila, vista así, non mudou moito, ¿verdade?

—¡Ai rapaz! Se a miraras cos meus ollos, non dirías o mesmo. ¿Ves Lourido...? Daquela era un monte, hoxe é una urbanización con árbores. E os barcos, ¿que me dis dos barcos? O "Santa Cristina" dos Mosquera de Sabarís, o "Clotilde Fernández" e mais o "Policarpo Fernández" dos Caringas, as chalanas... Todos viviamos do mar.

—Agora tamén hai xente que vive do mar, avó, o que pasa é que non se dedican á pesca coma vós senón aos deportes; por iso os barcos son de recreo e os peiraos chámanse portos deportivos.

—Xa, e ti chámaste Brais i eu Suso.

—Avó, ¿que farfullas?

—Nada, rapaz, nada. Cousas miñas.

—Avó...

—¿Que?

—Estou a pensar que ti e máis os da túa xeración sodes a nosa "memoria histórica", e acabo de entender iso da "tradicón oral" que nos aprenderon na escola e o importantes que son as dúas para que un pobo medre.

—¡Demo de rapaz! Que carallo estará a dicir.



Nesta igrexa de Santa Liberata vénranse os santos Cosme e Damián, de quen se celebra a romaxe o 26 de setembro. Na sacristía había hai moito tempo unha calivera dunha persoa adulta e outra dun meniño, ou meniña. As caliveras estaban á vista na banda esquerda do mesado onde se revisten os cregos para misar. Tamén había media ducia na Colexiata, dentro do recinto da pia de cristianar. Lembro que se poñían no catafalco de catro corpos no funeral das Ánimas que se celebraba no mes de Santos.

Nunha romaría do San Cosme dos anos vinte do século pasado, un romeiro apareceu na sacristía, despois de deixar unhas cadelas na bandexa, con media ducia de tellas do país e cinco quilos de sal, que completaba a promesa que lle fixera ao santo por telo safado dun “cólico miserere” (agora apendicite). No intre de pousar a carga, vendo as dúas caliveras, preguntoulle ao sacristán, señor Pelucas:

—¿Pode dicirme de quen son esas caliveras, se non é moito preguntar?

O señor Pelucas pensando na pinta de axaubotado que tiña o romeiro espetoulle:

—;Homiño de noso señor! Se están aquí ¿de quen han ser? De San Cosme, home, de San Cosme.

—Xa home, xa. De San Cosme penso que será a grande, pero ¿e a pequena logo de quen é?

O señor Pelucas, para saír do apuro e sen pensar máis, mirou para o romeiro moi serio e díxolle:

¿De quen vai ser meu home? Élle a de San Cosmiño, de cando era pequeno...

Agora xa saio de dúbidas, -respondeulle o romeiro. Xa me parecía a min moi raro que o San Cosme tivera dúas cabezas cando morreu. Claro a pequena era de canda neno. Moitas grazas, logo, señor Pelucas e ata o ano que vén se Deus quere.

O principal deste conto débémollo a Xosé Rodríguez de Vicente, Joselín, e está nun deses discos que se poñían nas gramolas, dos de dar corda cunha manivela...



Roupiña de maón gastada polo sol e o salitre, cos remendos novos mercados por cuartas na tenda das Verísimas; camiñas de lenzo branco herdadas, resistindo ao amarelo coa lixivia e o clareo; puchas raxadas, furadas pola couza e a piolla; zocas de pao e botas de pel de becerra tratadas con sebo da corte; espetos de tacholas no caucho das solas; cirolas cedidas de feltro e de algodón; correa de coiro no cinto; atado de pano co almorzo.

Carro cangado, estadullo que arreventa, aparello mollado da faena, velaivai pola estrada para ilo deitar ao sol que seca, cura e curte. Virada de estribor e popa no retorno da Palma, cara ao peirao. Os bois novos, diante do carro de tira, os que xa foron van agora detrás co rol de patrón da tropa, guiando a manobra tamén en terra. Traballo comunal si, man con man, ombro con ombro, lombo con lombo, no barco, si e tamén en terra. Arrecendo a carena cocendo no pote da praia.

Porque un día de nantronte dixemos con fachenda: ¡para mariñeiros, nós!, ¡qué saberán eses de Panxón! Nós somos Xan, Luís e Pepe (asasinados en Sabarís), Eduardo, Perfeito, Xenaro, Xaquín, Evaristo, Francisco, Isaac, Eladio, Xacobe, Manoel, Antonio... daquela matriculados uns vinte barcos, a corenta homes por cada tripulación, un mundo de xente afiliada no Pósito, enchendo patelas alleas. Foi antes da guerra que gañou o rancor daqueles que saen enfundados no chaleque, mirando pasar a vida cos cus pousados, aqueloutros que hoxe xa non son ninguén.



eixe molle, toxo pica, carro canga, vacas súan, home tangué, urra. Zamancas nos pés, varal longo para tanguer nas de atrás e nas de diante, ¡que todas puxen! Dúas parellas, Pomba, Estrela, Negra e Pinta, camiño da telleira de Nigrán, dos fornos de Baiona -Adrianas, Fasquías, Columba.

Estanche en Cova de Baredo, logo de Campo de Lume e da Serreira e da Arquiña onde apareceu a nosa Virxe da Cela. Cargárona nun carro camiño de Baiona, atouo na Fontedanta e voltou para Baredo. Mirade arriba A Cela Vella, casas de tío Severino O Camiñeiro, de tío Xaquín O Valente e acolá a dos Machorros, a Casa Queimada na que vive hoxe un pintor de Vigo (Xosé Guillerme).

E alí adiante vararía o Thalasso e viraríalle a lancha a Luís O Calvo e finaría o do Peito Ancho e morrerían os Suplíns.

E andaron na nosa tenda a preguntar por dous homes da parte de Vigo; apareceron mortos logo na Chan da Carral; atopounos María A Mougalesa cando ía pescar. Toleou.

Diante do carro tío Pedro O Rato, do Carballo, viña do toxo de Fontelo, por baixo do faro novo. A foto tiráronlla uns que viñan da Guarda no carro de mulas do Pintanexo, cara a Vigo.





JOSÉ M <sup>a</sup> IGLESIAS / FELIPE SANTOS	1 0
RAQUEL GARCÍA SÁNCHEZ	1 2
AVELINO SIERRA FERNÁNDEZ	1 4
DELMIRO RODRÍGUEZ TÁBOAS	1 6
LUCAS VIDAL ROUCO	1 8
REMIGIO LEYENDA PEREIRA	2 0
ANXO ANGUEIRA	2 2
LORENZO POUSA	2 4
ALBERTO VALVERDE	2 6
ROSA VILLAR QUINTEIRO	2 8
ANXÉLICA TABOADA TÁBOAS	3 0
M ARIÑA IGLESIAS OTERO	3 2
W ENCESLAO CABEZAS " POLO "	3 4
XABIER OTERO	3 6
CAÍNO	3 8
PAZ GOCE	4 0
VÍCTOR IGLESIAS VIQUEIRA	4 2
SOCORRO DACOSTA	4 4
M ANUEL CAROU FERNÁNDEZ	4 6
ROSANA ESTÉVEZ	4 8
CHUS BUCIÑOS	5 0
XAVIER GROBA	5 2

LUÍS CARLOS DE LA PEÑA	54
XOSÉ LOIS VILAR	56
CONCHA VILAR	58
JOSÉ ANTONIO SELEGANTE PÉREZ	60
MARÍA XOSÉ GONZÁLEZ CHAMORRO	62
LUÍS FERNÁNDEZ PUGA	64
ALFONSO MANDADO	66
FILOMENA "A ARAGONA"	68
CÉSAR LÓPEZ RODRÍGUEZ	70
XOSÉ ALFREDO PEREIRA MARTÍNEZ	72
ANXO ALBERTE CID	74
URBANO CABRERA	76
MANUEL ÁLVAREZ GONZÁLEZ	78
MANOLO CASTRO RATEL	80
PURA SÁNCHEZ	82
MANUEL PORTOLÉS	84
LUISA LEYENDA CEDEIRA	86
NIEVES LOPERENA DE SAÁ	88
XILBERTE MANSO DE LA TORRE	90
CRISTINA RODRÍGUEZ VASCONCELLOS	92
LUÍS GONZÁLEZ CEDEIRA	94
REMIGIO NIETO	96

XOSÉ TRONCOSO BARROS	98
M ARTÍN LÓPEZ GOCE	100
JUAN A. SANTOS ALDERETE	102
FRAN ALONSO	104
PAULO CABRAL PEDREIRA	106
JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA	108
LUÍS DOMÍNGUEZ	110
M ANUEL RAMÓN VILAR M ÁRQUEZ	112
ANTONIO GOCE "O CABECITAS"	114
XOSÉ M ARÍA BOUZÓ	116
CARLOS M ÉIXOME	118
M ARÍA LUÍSA M AZAIRA OLVEIRA	120
ANTONIO TABOADA TÁBOAS	122
CARLOS ESTÉVEZ	124
ANA M ARÍA RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	126
RAFA LORES	128
ESPERANZA FERNÁNDEZ VERNET	130
TINI VILAR	132
ANTONIO DE M AURICIO	134
ANTÓN M ASCATO	136
ELVIRA M ARTÍNEZ GUI SANTES	138